



Estratexia da cultura galega



**XUNTA
DE GALICIA**



ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN	3
1.1. O contexto da cultura galega	5
1.2. Definición e marco de actuación	13
1.3. Metodoloxía e procedemento de elaboración	20
2. MISIÓN E VISIÓN	24
3. LIÑAS ESTRATÉXICAS	26
3.1. Resumo das liñas estratéxicas	26
3.2. Descrición das liñas estratéxicas	26
4. OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS	35
4.1. Resumo de obxectivos estratéxicos	35
4.2. Descrición dos obxectivos estratéxicos	37
5. MEDIDAS	71
6. SEGUIMIENTO	119

1. INTRODUCCIÓN

A UNESCO define a cultura como o conxunto de trazos distintivos, espirituais e materiais, intelectuais e afectivos que caracterizan unha sociedade ou un grupo social. Engloba, ademais das artes e das letras, os modos de vida, os dereitos fundamentais do ser humano, os sistemas de valores, as tradicións e as crenzas. A cultura outórganos ás persoas a capacidade de reflexionar sobre nós mesmas, de facérmonos racionais, críticas e eticamente comprometidas, de definirnos e de diferenciarnos nun mundo cada vez máis global e interconectado. A importancia da cultura radica na súa capacidade de asegurar a evolución dunha sociedade democrática avanzada, conseguindo configurar a convivencia e o desenvolvemento pleno dos individuos que a integran.

A crecente complexidade da realidade cultural a través das súas manifestacións, retos, novos públicos e hibridacións con outros sectores económicos e sociais, obrigan a actualizar e a desenvolver mecanismos de apoio á xestión das políticas culturais. Existe un aumento das demandas e necesidades culturais da cidadanía que esixe incorporar tamén novos elementos de creación e participación. A cultura convértese, xa que logo, nun eixe estratéxico fundamental das políticas públicas, deixando o seu limitado papel da preservación e protección para evolucionar cara ao cumprimento da demanda de instrumentos de planificación máis amplos, sistematizados e integradores.

A Xunta de Galicia quere situar a cultura no seu papel protagonista no desenvolvemento integral da sociedade galega. Para acadar este obxectivo preséntase a Estratexia da Cultura Galega 21 (ECG21), que fixa obxectivos e recolle os compromisos necesarios para acadalos nos vindeiros anos, cun horizonte posto na terceira década do século XXI. A súa elaboración procede do debate necesario da Administración Pública na xestión cultural actual, e tamén da participación dun amplo número de profesionais, entidades e colectivos que achegaron as experiencias, coñecementos e ideas necesarias para a elaboración dun documento deste calibre que, sen dúbida, persegue marcar unha

folla de ruta para o sector da cultura en Galicia. Un plan de traballo que tivo como finalidade o estudo, reflexión, formulación de propostas e dinamización do ámbito cultural galego mediante un proceso compartido e participativo para dotar as persoas e as institucións de ferramentas e iniciativas fundamentadas nas necesidades e potencialidades da cultura galega; para fortalecer os seus valores, comprender e asumir o seu papel no mundo globalizado e para participar dos cambios que se producirán no futuro.

1.1. O contexto da cultura galega

Introdución

O cultural é un espazo de confluencia, vivencia, emoción e aprendizaxe; e experimentación, risco e negocio; é sector e xestión política; é vínculo e desenvolvemento social. Pártese da consideración da cultura galega como un conxunto de ámbitos e de liñas de actividade imprescindibles para o desenvolvemento e avance de toda a cidadanía de Galicia, que asegure, ademais, a cohesión territorial e social. Os bens, produtos e servizos culturais deben protexerse, facilitarse e divulgarse tanto no que se refire ao seu valor simbólico como material.

Somos conscientes de que na sociedade galega a cultura constitúe ademais un motor e un pilar básico da proxección económica, e que as industrias culturais contribúen ao desenvolvemento sustentable da sociedade. Nas últimas décadas veuse vertebrando un tecido cada vez máis dinámico e diverso que ten ante si importantes desafíos que afrontar. Desde o realismo e a eficiencia, queremos avanzar conxuntamente e aproveitar a riqueza e o potencial cultural co que xa conta a cultura feita en Galicia.

No contexto dunha sociedade que demanda cada vez máis bens dotados de significado e contido estético, a cultura estase a converter no soporte e na fonte de inspiración de novas iniciativas de transcendencia laboral e profesional. Isto vén acompañado dun incremento paralelo, tanto a nivel social coma económico, da importancia das actividades e programas de carácter especificamente cultural e creativo.

Marco lexislativo da cultura

O preámbulo da **Constitución española de 1978**¹ proclama a vontade de protexer os pobos de España no exercicio das súas culturas, tradicións, linguas e institucións, e de promover o progreso da cultura para asegurar unha digna calidade de vida. No seu título oitavo, o artigo 148.1 recoñece o dereito das comunidades

¹ Publicado no Boletín Oficial do Estado, nº 311, de 29 de decembro de 1978 (pp 29.313 a 29424).
<https://www.boe.es/boe/dias/1978/12/29/pdfs/A29313-29424.pdf>

autónomas para asumir competencias en materia de patrimonio monumental de interese da comunidade autónoma ou en materia de fomento da cultura, competencias que deben compatibilizarse co sinalado no seu artigo 149.1.28, que establece a competencia exclusiva do Estado en materia de defensa do patrimonio cultural, artístico e monumental español contra a exportación e a espoliación; e museos, bibliotecas e arquivos de titularidade estatal, sen prexuízo da súa xestión por parte das comunidades autónomas

En coherencia co anterior, a Comunidade Autónoma de Galicia asume estatutariamente como tarefa principal, a través das súas institucións democráticas, a defensa da identidade de Galicia, e os poderes públicos galegos están obrigados a remover os obstáculos que dificulten a participación dos individuos e dos grupos na vida cultural galega.

Neste marco, o **Estatuto de Autonomía de Galicia de 1981**² asumiu, no seu artigo 27.18, a competencia exclusiva en materia de patrimonio histórico, artístico, arquitectónico e arqueolóxico de interese de Galicia, sen prexuízo do que dispón o artigo 149.1.28 da Constitución; arquivos, bibliotecas e museos de interese para a Comunidade Autónoma e que non sexan de titularidade estatal; conservatorios de música e servizos de belas artes de interese para a Comunidade Autónoma. Así mesmo, é necesario lembrar que o artigo 32 do Estatuto de Autonomía de Galicia determina que lle corresponde á Comunidade Autónoma a defensa e a promoción dos valores culturais do pobo galego.

Na dimensión local, a **Axenda 21 da Cultura**³, aprobada en 2004 por cidades e gobernos locais de todo o mundo, indica que as políticas culturais deben atopar un punto de equilibrio entre o interese público e o privado, a vocación pública e a institucionalización da cultura. A iniciativa autónoma da cidadanía, individualmente ou reunida en entidades, é a base da liberdade cultural.

² Publicado no Boletín Oficial do Estado, nº 101, de 28 de abril de 1981

(<https://boe.es/buscar/pdf/1981/BOE-A-1981-9564-consolidado.pdf>).

³ http://www.agenda21culture.net/sites/default/files/files/documents/multi/ag21_es_ok.pdf

A **Convención sobre a protección e a promoción da diversidade das expresións culturais**⁴, aprobada pola Unesco en 2005 e ratificada por España en 2006, establece entre os seus principios reitores o de complementariedade dos aspectos económicos e culturais do desenvolvemento e o de desenvolvemento sustentable. De acordo co primeiro, a cultura é un dos principais motores de desenvolvemento, os aspectos culturais son tan importantes como os seus aspectos económicos, respecto dos cales as persoas e os pobos teñen o dereito fundamental de participación e goce. E de acordo co principio de desenvolvemento sustentable, a diversidade cultural é unha gran riqueza para as persoas e as sociedades. A protección, a promoción e o mantemento da diversidade cultural son unha condición esencial para un desenvolvemento sustentable en beneficio das xeracións actuais e futuras.

Adicionalmente, cómpre mencionar aquí os traballos que se desenvolveron a nivel do Estado para avanzar na concreción do **Estatuto do Artista e do Profesional da Cultura**, que estea adaptado ás necesidades específicas do sector, que contemple tanto aos traballadores por conta allea como a quen o fai por conta propia, cos obxectivos de promover unha fiscalización que teña unha tributación xusta e garantir os dereitos de protección social do sector.⁵ A relevancia desta reflexión sobre a existencia en España dese estatuto para os profesionais da cultura sintetízase neste parágrafo:

“En una época en la que el mundo del trabajo está cambiando aceleradamente, los soportes y condiciones materiales de la cultura se transforman de manera continua. Por eso es fundamental aprovechar la oportunidad de ponernos a la altura del cambio social y tecnológico, tanto en lo laboral y fiscal como en materia de propiedad intelectual. Se trata de mejorar las condiciones materiales, por tanto, pero también de llamar la atención sobre la importancia de la cultura y de manifestar claramente que los autores y los profesionales de la cultura merecen una remuneración justa y merecen estar protegidos en la misma medida en que lo están otros trabajadores”.

⁴ https://unesdoc.unesco.org/ark:/48223/pf0000142919_spa

⁵ Informe aprobado pola subcomisión para a elaboración dun Estatuto do Artista, constituída no seo da Comisión de Cultura (Boletín Oficial das Cortes Xerais. Congreso dos Deputados, nº 373 de 20 de xuño de 2018, pp. 41-70):

http://www.congreso.es/backoffice_doc/prensa/notas_prensa/61825_1536230939806.pdf

Identidade e valor económico da cultura galega

A cultura galega, igual que a maioría dos sistemas culturais europeos, sufriu unha forte crise de lexitimidade social e de valores derivada da crise económica e sistémica a nivel global. A pesar da existencia deste déficit de percepción social da cultura, é innegable o valor económico e social da cultura galega, confirmada xa non nos distintos estudos e análises que se teñen realizado sobre o sector⁶, senón polo enorme potencial e retos que están aínda por explorar en eidos como o patrimonio, o turismo cultural, as novas tecnoloxías ou a industrialización, a modernización e a profesionalización do sector.

Sendo Galicia un territorio xeográfico e demográfico de dimensións reducidas, alberga unha significativa cantidade e calidade de elementos culturais que lle confiren un indubidable valor. Cómpre crear e coordinar estruturas organizativas eficientes, baseadas en experiencias de éxito e tamén doutros sectores socioeconómicos, que consigan transformar a atomización e desestruturación do sector en fonte de riqueza e en valor para a sociedade. Valor que non só queda no económico, senón que transcende a un nivel tamén identitario. A recuperación do valor da cultura galega pasa necesariamente pola creación de novos acordos, novos pactos entre a sociedade empresa e sector público para que a identifique como un valor diferenciador e imprescindible para o seu crecemento individual e dentro da sociedade.

Galicia como territorio cultural popular e de base

Unha das mudanzas esenciais que viviu o sector cultural de Galicia nas últimas décadas foi a transición, totalmente necesaria, desde unha concepción da cultura elitista cara a un perfil cultural máis popular, de base e sometida a unha progresiva profesionalización. Este proceso viviuse dentro dunha sociedade de masas cada vez máis terciarizada, na que a actividade de intermediación cultural foi esencial para garantir a

⁶ Poden consultarse estes informes e análises no apartado correspondente do sitio web do Consello da Cultura Galega: <http://consellodacultura.gal/libros-tipo.php?tipo=Informe>

cohesión social, reforzar a identidade colectiva e proxectar unha imaxe específica e moderna cara ao exterior.

Galicia convértese, xa que logo, en territorio cultural. A existencia dunha cultura popular e de base firmemente enraizada cos costumes e coa identidade de pobo veu amplificándose nestes últimos tempos coa expansión do turismo cultural como un fenómeno crecente, cheo de retos e oportunidades, para vincular economía, cultura, identidade e legado. Nesta encrucillada na que nos atopamos actualmente cómpre aproveitar todo este potencial, tanto na súa transmisión e conservación (utilizando novas ferramentas tecnolóxicas) como no sistema educativo e noutras estratexias transversais, para fomentalo como aspecto diferenciador e atractivo co fin de xerar economía de valor socioeconómico que, á súa vez, potenciará o valor identitario. Un patrimonio vivo.

O patrimonio cultural de Galicia

Galicia conta con máis de 10.000 núcleos de poboación (preto 28% de todos os núcleos de poboación de España). Esta dispersión xeográfica e demográfica é historicamente significativa, e redunda nun patrimonio cultural galego rico, diverso, moi extenso e con alta vinculación coa contorna natural. Existe un gran patrimonio humano (igrejas, hórreos, cruceiros...), así como abondosos xacementos arqueolóxicos, monumentos megalíticos, castros, restos da influencia romana e, por suposto patrimonio arquitectónico moderno e singular.

Un feito especialmente relevante e único no patrimonio galego é tamén a ruta de peregrinación dende todas as partes de Europa a Galicia. O Camiño de Santiago, recoñecido pola UNESCO como patrimonio da humanidade, supón por unha banda un elemento de conformación da identidade europea, española e galega centrada na catedral de Santiago de Compostela, e por outra banda é unha mostra da riqueza e vinculación co resto das culturas europeas, con pegadas indubidables no país que outorgan un valor aínda maior ao patrimonio e á cultura galegas.

Galicia conta, tamén, cun patrimonio musical, literario, teatral, audiovisual... rico, diverso e de alta calidade. Por non mencionar a etnografía, a cultura patrimonial material e inmaterial do rural. Aínda hoxe se manteñen vivos costumes milenarios e un imaxinario cheo de historias no que se mestura realidade e fantasía compartida. Esta cultura popular viva foi a que permitiu, durante séculos ata hoxe, transmitir entre xeracións a memoria colectiva e a lingua propia de Galicia, outra peza vital do gran mecanismo integral que é o patrimonio cultural de Galicia. A cultura, a lingua e a identidade propias de Galicia deben ser elementos base que articulen unha mensaxe vencellada cos recursos naturais, patrimoniais e gastronómicos.

Os retos que se presentan na defensa, conservación, difusión e proxección e aproveitamento da riqueza patrimonial de Galicia son enormes e centrarán os unha parte fundamental dos esforzos das políticas culturais nos vindeiros anos.

A Cidade da Cultura de Galicia

Outro fito único e diferencial é a creación da Cidade da Cultura de Galicia. Este complexo, situado no monte Gaiás na cidade de Santiago de Compostela, nace como equipamento cultural, pero tamén como novo elemento dinamizador e potenciador da cultura, da creatividade e da tecnoloxía que, ademais, adquire un protagonismo renovado no plano turístico a nivel nacional e internacional. Apoiouse especialmente na creatividade e na produción cultural galega para encher de vitalidade o complexo arquitectónico, reforzando as dinámicas de colaboración cos seus axentes.

Por outra parte, o complexo do Gaiás asumiu un papel activo en todas as fases da cadea de valor da industria cultural: creación, produción, distribución e comercialización, mantendo o seu carácter de proxecto estratéxico de desenvolvemento social, económico e cultural de Galicia. Un espazo para as industrias culturais e creativas, para o emprendemento e para a procura da transversalidade entre o tecido empresarial, o tecnolóxico e o sector cultural.

Evolución das políticas culturais en Galicia

A evolución das políticas culturais en Galicia reflicte o cambio de valores fundamentais sobre os que se traballa, e esta variación resulta indispensable para entender os cambios e mudanzas da sociedade galega nas últimas décadas. Aínda así, cómpre sinalar que todos estes valores conviven ao longo do proceso evolutivo das políticas culturais, variando unicamente o acento en cada fase.

Nunha primeira etapa, tras a chegada da democracia, o obxectivo principal era a preservación e democratización da cultura, centrada nos valores como a identidade e a accesibilidade (rehabilitación de símbolos e personaxes, creación de equipamentos e infraestruturas culturais...). Reivindicouse a recuperación dun patrimonio común, así como a dotación, no espazo público, de ferramentas que permitisen achegar a cultura á cidadanía.

Nunha segunda etapa, as transformacións socioeconómicas e políticas xeradas por unha globalización cada vez maior e, posteriormente, a irrupción dixital, supuxeron o cambio de foco cara a valores como a diversidade, a expresividade e a construción colectiva da cultura baseada na gobernanza (recuperación dos movementos sociais e o enfoque na democracia cultural).

A crise económica tivo un impacto sen precedentes no cultural, establecendo dúbidas sobre os modelos de políticas culturais existentes e a súa necesidade. Nesta etapa, o foco das políticas culturais recae sobre os valores utilitarios de eficiencia, beneficio, retorno, transparencia, impacto económico...

Na etapa na que nos atopamos actualmente están xurdindo novos valores que afectan as políticas culturais e que proceden do resto de políticas doutros sectores socioeconómicos. Son valores transversais que se imbrican cos culturais para crear novos modelos de xestión cultural (emprendemento, innovación, creatividade, sustentabilidade, equidade...), e cos que se deben construír políticas culturais baseadas no cambio, respondendo con responsabilidade aos retos culturais actuais nunha sociedade onde medra a desigualdade e existen uns recursos máis limitados. E tamén se salienta a presenza dos valores asociados na idea do valor público, así como das formas

colectivas de xestión dos recursos culturais -colaboración e interdependencia entre os axentes e os poderes políticos.

Por último, a cultura galega está tomando posición na contorna dixital, imprescindible para fortalecer a oferta e o servizo destinado aos usuarios. Ademais, é necesario que a cultura galega estea en internet, nas redes sociais e que os contidos culturais galegos formen parte dos ecosistemas dixitais. Precísase fomentar a dixitalización e o acceso e consumo de contidos culturais dixitais para garantir a visibilidade da nosa cultura e para asegurar a competitividade das nosas industrias creativas.

1.2. Definición e marco de actuación da Estratexia da Cultura Galega 21

A Estratexia da Cultura Galega 21 (ECG21) xorde do interese por dispoñer dun documento público no que, tras un coñecemento reflexivo sobre a situación de partida, se recollan as principais liñas de actuación e as prioridades nas políticas culturais de Galicia e no investimento cultural público. É a primeira vez que o Goberno da Xunta de Galicia elabora unha estratexia específica dirixida ao ámbito da cultura, polo que a redacción deste documento se produce despois dunha posta en común compartida entre os diferentes axentes e sectores implicados no ecosistema da cultura galega, co obxectivo de contribuír a fortalecela, a conservala e a difundila, ao tempo que se favorece a consolidación das estratexias e liñas de actuación públicas, ademais dun tecido socioempresarial sólido e dinámico.

Os dous eixes principais que articulan a ECG21 céntranse en garantir a máxima difusión da actividade cultural en todo o territorio de Galicia e entre toda a cidadanía, ademais de asentar un tecido social e empresarial no sector. Estes eixes engloban as prioridades e os proxectos estratéxicos na acción cultural pública, propoñendo procesos de colaboración entre todos os operadores e sectores culturais e concretando as estratexias de cooperación entre administracións e entidades culturais.

Cómpre ter en conta que a actividade cultural en Galicia se asenta na actividade pública e privada: de administracións e institucións públicas, do asociacionismo cultural, de fundacións e outras entidades privadas, e dos proxectos e empresas das industrias culturais e creativas. Estamos nun momento de transformacións profundas nos ámbitos da cultura derivadas dos ciclos económicos, das innovacións tecnolóxicas, das dispoñibilidades orzamentarias das administracións públicas e dos hábitos de consumo da cidadanía, o cal leva a unha mudanza significativa das liñas de acción cultural e nas relacións cos públicos en todos os niveis e nos ámbitos da cultura. A todos os desafíos sinalados compre engadir os derivados da conxuntura galega, co Ano Santo de 2021 no horizonte, cunha poboación en retroceso, avellentada e espaxada polo territorio, e cunha diáspora que mantén contacto coa Galicia territorial.

Xa que logo, abordouse o deseño dun marco global planificado coa colaboración de todas as administracións públicas, da sociedade e dos axentes socioeconómicos, así

como o establecemento dun diálogo permanente entre todos os sectores culturais galegos, para a consecución dunha estratexia que persegue os seguintes obxectivos:

- Propiciar unha maior participación da sociedade e das entidades privadas na cultura.
- Potenciar a planificación e a coordinación entre as administracións públicas nas políticas culturais.
- Lograr a máxima difusión da actividade cultural no territorio para favorecer a inclusión da sociedade e da cidadanía.
- Asentar un tecido socio-empresarial que aporte máis ao PIB de Galicia desde a cultura.
- Fomentar a visibilidade dos produtos culturais e a atracción do turismo cultural.
- Asegurar a calidade dos servizos públicos culturais.
- Favorecer a visibilidade da cultura galega fóra de Galicia.

A ECG21 enmárcase e dialoga co **Plan Estratéxico de Galicia (PEG) 2015-2020**.⁷ O PEG busca impulsar o crecemento económico de Galicia partindo dun modelo baseado na innovación e o capital humano, que colabore para conseguir unha Galicia moderna e cohesiónada social e territorialmente, e que permita diminuír o desemprego, aumentar a produtividade e a renda dos galegos e das galegas, recuperando así a senda do crecemento demográfico.

Unha parte da ECG21, centrada na industria cultural, no patrimonio e nas institucións e entidades da cultura, está vinculada co Eixe 4 do Plan Estratéxico de Galicia (“Sociedade dixital, lingua, cultura e reforzo do peso de Galicia na súa contorna”); e outra pequena parte, centrada no turismo cultural, patrimonio e o Camiño de Santiago, ten vinculación co Eixe 3, de “Crecemento sustentable”.

⁷ Plan Estratéxico de Galicia (PEG) 2015-2020: <http://www.planestratexico.gal/>

EIXE 3. CRECEMENTO SUSTENTABLE, TERRITORIO, MAR, AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES

PA.3.3: Potenciación do turismo en Galicia a partir dun medio ambiente e cultura privilexiados.

OE 3.3.01: Reforzar o atractivo turístico e situar a Galicia como destino único a través dun modelo máis competitivo, sustentable e adaptado aos cambios do mercado.

EIXE 4: SOCIEDADE DIXITAL, LINGUA, CULTURA E REFORZO DO PESO DE GALICIA NA SÚA CONTORNA

PA 4.1 Desenvolvemento da economía dixital. Apoio á industria cultural e de medios como unha fonte de riqueza e impulso ao desenvolvemento da sociedade da información.

OE.4.1.01 Aumentar a oferta e o consumo da cultura mediante accións de dinamización cultural planificada e a través das actividades da industria cultural e creativa galega.

PA 4.2 Conservación e promoción da riqueza cultural de Galicia.

OE.4.2.01 Fortalecer a programación e os servizos dispoñibles nas bibliotecas, arquivos, museos e centros de interpretación, para lograr a participación activa da cidadanía como usuarios/as destes servizos e como consumidores dunha oferta cultural de calidade.

OE.4.2.02 Protexer, conservar, poñer en valor e difundir o patrimonio cultural.

OI.4.2.01 Contribuír á conservación da riqueza cultural de Galicia.

Extracto da táboa de contidos do PEG 2015-2020

Abordamos tamén a elaboración da ECG21 tendo en conta as directrices definidas na **Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia 2014-2020** (RIS3)⁸, un plan de futuro coordinado pola Axencia Galega de Innovación, baseado en estudos similares propostos pola Unión Europea, para xerar benestar e emprego, para ser eficientes e sustentables e para competir mellor no exterior. No que respecta ao sector cultural, esta estratexia aposta por un novo modelo de xestión de recursos naturais e culturais baseado na innovación e na modernización das industrias culturais. (Reto 1 “Xestión innovadora de recursos naturais e culturais”, e o seu obxectivo 5 “Modernización do sector turístico e das industrias culturais a través das TIC”).

⁸ <http://www.ris3galicia.es/wp-content/uploads/2015/09/ESTRATEGIA- REXIONAL RIS3 GALICIA.pdf>

Outra proposta estratéxica que desenvolveu medidas dedicadas a cultura, e que serviron de marco de actuación para a ECG21, foi a **Estratexia de Turismo de Galicia 2020**⁹, liderada pola Axencia de Turismo de Galicia e contando coa colaboración do Clúster de Turismo de Galicia. Este documento nace da necesidade de mellora da competitividade do turismo galego no marco 2017-2020, co obxectivo principal de posicionarse como un dos sectores clave da economía, sendo precisa a colaboración dos campos público e privado para o seu impulso, coordinación, xestión, promoción, ordenación, innovación e internacionalización. Este documento contén de forma transversal moitas actuacións relacionadas con cultura, especialmente nos eidos das industrias culturais (“9.5.1. Imaxe singular proxectada de Galicia no sector audiovisual”), turismo cultural (“9.3.2. Turismo cultural”) e patrimonio cultural material e inmaterial (“1.3.2. Oferta en orixe de alternativas culturais para puntos de risco de saturación”, ou a liña estratéxica segunda, titulada “Valores diferenciadores e a súa potenciación”, e as actuacións 2.1.2. “Desenvolvemento de rutas turísticas vencelladas con elementos singulares de Galicia”; e 2.1.3. “Enfoque turístico do patrimonio inmaterial”).

Así mesmo, o **Plan director e estratéxico do Camiño de Santiago 2015-2021**¹⁰ supón unha ferramenta de xestión para a Xunta de Galicia e unha folla de ruta que marca as directrices para favorecer a conservación e a protección do Camiño na comunidade autónoma, atendendo todos os axentes, públicos e privados, implicados nel. Entre os obxectivos están a protección e preservación do Camiño para garantir a pervivencia da súa identidade e a posta en valor do seu patrimonio cultural e natural, o apoio ás necesidades do peregrino, o fomento da cohesión social e do equilibrio territorial, e o desenvolvemento da construción da identidade universal de Galicia e de Europa. Neste documento podemos atopar numerosos aspectos culturais relacionados co Camiño de Santiago, co patrimonio cultural e co turismo cultural que configuraron outro marco de actuación para o ECG21.

Por outra banda, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA) desenvolveu en 2018 o **Plan de Acción para o impulso aos contidos dixitais**

⁹ <https://www.turismo.gal/docs/mdaw/mjk2/~edisp/turga296028.pdf>

¹⁰ https://www.turismo.gal/tebascms/filestore/1/6/1/9/6_59ad454711eea5c/16196_638bc1c8a19ddc3.pdf

en Galicia (DICO Mindset)¹¹ co fin de enfrontarse de forma eficiente aos novos retos no eido das tecnoloxías da información, e que recolle algunhas actuacións que se encadran tamén dentro do marco de desenvolvemento da Estratexia da Cultura Galega 21, en concreto referidas á innovación, ás industrias culturais e á utilización de ferramentas dixitais no ámbito da educación, na televisión, na dixitalización do patrimonio cultural galego, etc. Esta mesma entidade conta cun estudo centrado na relación da cidadanía coas TIC. O **Plan de Inclusión Dixital 2020**¹² constitúe a aposta do Goberno Galego para a consecución dunha sociedade plenamente dixital en Galicia.

Con respecto á proxección exterior da cultura galega, que tamén enmarca a planificación da Estratexia Galega da Cultura, cómpre abordar a existencia da **Estratexia de Acción Exterior de Galicia**¹³ e mais o **Plan Estratéxico de Emigración 2017-2020**¹⁴. O primeiro documento ofrece unha visión global e completa con toda a acción exterior da nosa comunidade, definindo obxectivos e ámbitos de actuación e establecendo os instrumentos necesarios para acadar estas metas. Entre os seus obxectivos están a mellora da converxencia respecto da media do conxunto da Unión Europea; a defensa dos dereitos da diáspora; o incremento da internacionalización da economía e diversificación dos mercados exteriores e o estreitamento de vínculos coa comunidade lusófona; a promoción da lingua e a cultura; e o reto demográfico. O segundo plan desenvolve unha estratexia transversal para favorecer o benestar da cidadanía galega residente no exterior, o fomento da lingua e cultura galegas, a proxección exterior de Galicia, así como o fomento da integración en Galicia da emigración de retorno.

Tivéronse igualmente en consideración as actuacións e medidas recollidas no **Plan Estratéxico (2012-2018)**¹⁵ da Cidade da Cultura de Galicia. Os obxectivos estratéxicos do plan da Cidade da Cultura foron principalmente catro. O primeiro, centrado na cidadanía, desenvolveu actuacións para ofertarlle a esta unha actividade e programación de calidade, en consonancia coa dimensión arquitectónica e espacial da

¹¹ https://amtega.xunta.gal/sites/w_amtega/files/dico_mindset.pdf

¹² <https://amtega.xunta.gal/documento/plan-de-inclusion-dixital-de-galicia-2020>

¹³ http://cpapx.xunta.gal/c/document_library/get_file?folderId=345857&name=DLFE-32303.pdf

¹⁴ <https://emigracion.xunta.gal/plan-estrategico-emigracion-2017-2020>

¹⁵ <https://www.cidadedacultura.gal/gl/system/files/downloads/2012/09/plangaias.pdf>

Cidade da Cultura. Con este obxectivo as metas estaban centradas en converter o complexo nun actor clave na difusión cultural, achegándoo á cidadanía e servindo como espazo de desenvolvemento de actividades non só culturais, senón tamén de lecer, da natureza ou o deporte, na adopción e fomento do uso das novas tecnoloxías para a aprendizaxe cultural da cidadanía, etc.

O segundo dos obxectivos, centrado no aspecto cultural, perseguíu a configuración do complexo Gaiás como un espazo natural de desenvolvemento, proxección e fomento da innovación do sistema cultural galego. De forma operativa, este obxectivo procurou a dinamización do sistema cultural galego mediante difusión e conservación da cultura, a formación de comunidades e novos talentos, o fomento e interrelación de proxectos e axentes de distintos ámbitos culturais e territoriais e o posicionamento do Gaiás como referente internacional de reflexión, debate e formación no ámbito da innovación na xestión cultural e na profesionalización dos seus axentes.

O terceiro dos obxectivos, centrado no desenvolvemento, tiña como finalidade converter o Gaiás nun polo de desenvolvemento que contribuíse á dinamización do tecido produtivo, ao incremento dos niveis de renda e emprego e á mellora da competitividade do territorio. Para isto, centráronse os esforzos en promover a actividade económica ligada á Cidade da Cultura de Galicia en todo o noroeste peninsular, en impulsar o emprendemento empresarial das industrias culturais e creativas (con especial énfase en proxectos de innovación e transferencia a outros sectores produtivos) e servir como plataforma de desenvolvemento e promoción de marca do país.

O último dos obxectivos, centrado na sustentabilidade, procurou que o proxecto da Cidade da Cultura e as súas actuacións tivesen un impacto económico reducido e socialmente rendible mediante a incorporación de socios estratéxicos para enriquecer o proxecto, a diversificación das fontes de financiamento e a procura do recoñecemento como un proxecto de interese europeo en base á súa proxección cultural e de desenvolvemento socioeconómico.

Por último, non sendo estritamente un estudo ou plan estratéxico, aínda que si con influencias cara a esa posición, podemos salientar o informe *Reflexión estratéxica sobre a cultura galega*. Publicado polo Consello da Cultura Galega no ano 2011, xorde da necesidade de atopar respostas e novos vieiros culturais nun contexto de crise económica mundial, despois de varios debates entre diversos actores e membros do sector cultural, cunha participación de máis de 300 persoas. O informe estruturouse en cinco áreas: “políticas culturais”, “institucións da cultura”, “cultura e mercado”, “contidos da cultura” e “proxección exterior”. Mesturando foros de diálogo e un cuestionario aberto, o texto de reflexión respondeu a unha concepción integrada dos dominios do sistema cultural galego (incluíndo o conxunto de produtos, servizos, procesos axentes ou discurso, comprendidos de forma dinámica).

Na elaboración da ECG21 tivéronse en consideración, ademais, diversos marcos lexislativos, informes, estudos e traballos fóra do ámbito galego, tanto desde España como os desenvolvidos desde a UNESCO e outras organizacións culturais internacionais. A modo de exemplo podemos salientar o **Estatuto do Artista e do Profesional da Cultura**, aprobado a principios do ano 2019 polas cortes xerais, e que no que se reivindica a profesionalización dos sectores culturais evitando a súa discriminación pola normativa fiscal, laboral e de seguridade social, mellorando ao mesmo tempo as condicións materiais e salientando a importancia da cultura mediante unha remuneración xusta e unha protección axeitada dos seus profesionais.

Finalmente, a Xunta de Galicia está comprometida coa consecución dos 17 obxectivos marcados pola **Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sustentable**, unha folla de ruta aprobada pola Organización das Nacións Unidas (ONU) no ano 2015 co obxectivo de dar os pasos necesarios para acadar un mundo máis xusto e sustentable a través do impulso das iniciativas e políticas máis axeitadas.

Nese contexto, xúlgase fundamental o papel que deben xogar as institucións e entidades culturais comprometéndose a que a acción cultural contribúa na difusión e apropiación da Axenda 2030. E tamén reforzando a relación entre a Axenda 2030 e a cultura mediante o recoñecemento das estreitas relacións que existen entre a produción cultural e o desenvolvemento humano actual.

1.3. Aspectos metodolóxicos e procedemento de elaboración da Estratexia da Cultura Galega 21

Dende a súa concepción inicial, apostouse por construírmos unha Estratexia da Cultura Galega 21 con vimbios sólidos, que se nutrisen das achegas realizadas polos principais axentes e entidades de Galicia relacionados co ámbito cultural. Quixemos que primase o espírito de diálogo, de entendemento e de suma de esforzos sobre os que asentar as bases deste documento, para concitar o máximo consenso e o maior apoio, e que isto redundase en beneficio da cultura de todos/as.

PROCEDEMENTO DE ELABORACIÓN

- A. **FASE PREVIA.** Actividades e eventos desenvolvidos antes do inicio propiamente dito das actuacións da ECG21
- a. Encontros territoriais informativos. A Consellería de Cultura realizou entre os meses de novembro de 2017 e de xaneiro de 2018 diversos encontros territoriais nas catro provincias galegas. Máis de 130 axentes culturais participaron nas reunións de traballo organizadas en Santiago de Compostela, A Coruña, Ferrol, Vigo, Pontevedra, Lugo e Ourense co obxectivo de poñermos en común propostas, de dialogar e de propiciar un debate frutífero para a elaboración da ECG21, tendo en conta que se trataba da primeira estratexia destas características para a cultura galega que se elaboraba en Galicia. Ademais dese obxectivo, analizouse o interese sobre a proposta, o nivel de participación e asistencia, e determináronse as listas de participantes con representatividade e diversidade suficiente para constituír as mesas sectoriais nas reunións posteriores.
 - b. Elaboración dunha diagnose sobre a cultura galega. Previamente ao inicio do proceso participativo, asinouse un convenio entre a Xunta de Galicia e

o Consello da Cultura Galega para a elaboración dun diagnóstico da situación da cultura galega elaborado pola dita institución. A *Diagnose da cultura galega. Datos para unha estratexia cultural no século XXI*¹⁶ realizouse a partir de datos cualitativos e cuantitativos dos sectores máis relevantes da cultura galega, co fin de dispoñer dunha información ampla, contrastada e fiable do estado da cultura en Galicia, que facilita a identificación das debilidades e fortalezas, así como os elementos contextuais estratéxicos que configuran o sector. Publicouse en febreiro de 2018.

B. FASE DE REUNIÓN DAS MESAS SECTORIAIS E ACHEGA DE PROPOSTAS.

- a. Reunións das mesas sectoriais. Durante o mes de xullo de 2018 e nos meses de xaneiro/febreiro de 2019 tiveron lugar as xuntanzas sectoriais. Creáronse oito grupos de traballo conformados por axentes e entidades especializados en ámbitos sectoriais específicos da cultura galega, co fin de realizarmos un labor conxunto de diálogo, análise e configuración de obxectivos e medidas aplicables ao sector cultural no que desenvolven a súa actividade. Os grupos de traballo contaron, ademais, coa presenza dun membro da Asociación Galega de Profesionais da Xestión Cultural (AGPXC). Os grupos de traballo convocados foron os seguintes:
 - i. Libro
 - ii. Audiovisual
 - iii. Artes escénicas
 - iv. Música. Difusión da cultura
 - v. Música. Industria cultural
 - vi. Artes plásticas e visuais
 - vii. Patrimonio cultural

¹⁶ <https://www.cultura.gal/gl/diagnose-cultura-galega-datos-para-estratexia-cultural-seculo-xxi>

viii. Institucións da memoria

Na primeira quenda de reunións, os participantes nas mesas sectoriais centráronse principalmente no debate sobre as liñas e obxectivos estratéxicos da ECG21. Na segunda quenda debateuse fundamentalmente sobre as medidas que se podían implementar.

b. Achega de propostas. Despois de cada reunión, e durante un prazo de dúas semanas, os asistentes puideron enviar as súas contribucións no correo electrónico na Dirección Xeral de Políticas Culturais. En paralelo aos grupos de traballo, facilitouse a participación nas reflexións da ECG21 das persoas e entidades interesadas mediante as súas achegas a través de internet, para o cal se habilitou un portal de interacción na páxina web de cultura.gal.

C. **FASE DE REDACCIÓN, EXPOSICIÓN PÚBLICA E REVISIÓN**. Durante os meses de marzo a maio de 2019 o documento principal da ECG21 foi redactado e a mediados de xuño anunciouse a súa exposición pública por un prazo de 15 días a través das canles en liña da Xunta de Galicia (xunta.gal e cultura.gal), co fin de recibir comentarios, suxestións e alegacións da cidadanía que poidan contribuír a mellorar o documento final.

ASPECTOS METODOLÓXICOS

Cumpría desenvolvermos unha estratexia que marcasse as principais liñas de actuación e as prioridades nas políticas culturais de Galicia e no investimento cultural nun período de tempo continuado e significativo. E para acadar os mellores resultados, necesitabamos que esta estratexia nacesse dun proceso participativo, transparente e compartido entre todos e todas –institucións, entidades, profesionais, empresas culturais, partidos políticos e sociedade–. O diálogo, a colaboración e a suma de esforzos son piares fundamentais para poder deseñar e levar a cabo liñas de actuación que garantan o acceso universal á cultura por parte da cidadanía, o impulso da creación

artística, a protección do noso patrimonio cultural e o desenvolvemento dunhas industriais culturais competitivas.

No apartado metodolóxico, para a ECG21 séguese un esquema composto por tres niveis de concreción. Por unha banda están as liñas estratéxicas xerais, núcleos temáticos das políticas culturais de Galicia, a partir das cales xorden preto de 40 obxectivos prioritarios sinalados polos distintos grupos de traballo sectoriais nas distintas reunións mantidas. E para eses 40 obxectivos prioritarios definíronse algo máis de 200 medidas concretas que deben desenvolverse nos vindeiros anos. Actuacións concretas e fundamentais, e que os axentes culturais implicados consideran que poden ser implantadas sen excesivas dificultades lexislativas ou económicas.

Entre as actuacións que se manexan neste documento, salientamos a inclusión de medidas vinculadas coa Cidade da Cultura de Galicia desde a programación cultural, a achega de innovación tecnolóxica e de emprendemento cultural e como proxecto natural e ambiental. Tamén están presentes medidas que achegan o Ano Xacobeo 2021, e a relevancia do Camiño de Santiago, como elementos de identidade, de valor económico e de proxección internacional, así como de hibridación cos diferentes sectores creativos de Galicia.

2. MISIÓN E VISIÓN

A elaboración da primeira Estratexia da Cultura Galega 21 xorde da necesidade de reflexionar sobre o funcionamento do ecosistema cultural de Galicia para formular respostas operativas aos novos desafíos que ten a sociedade galega no século XXI, e para actualizar, renovar e potenciar o dito ecosistema. Unha ECG21 pensada cunha perspectiva ampla do que significa a cultura e a sociedade que representa; no contexto social, económico e xeoestratéxico en que Galicia se sitúa; planificada e integradora, aberta á comunidade, e construída a través do debate entre axentes e entidades que desenvolven o seu labor no medio cultural da Galicia actual.

MISIÓN

A misión da ECG21 é presentar unha serie de retos, propostas e liñas de actuación que configuren a política cultural de Galicia nos vindeiros anos como resultado dun proceso aberto de reflexión colectiva.

VISIÓN

Partimos da consideración da cultura como unha necesidade básica da sociedade galega actual, que axuda a conformar unha parte substancial da nosa identidade e que ten o seu baseamento no desenvolvemento creativo do pobo galego ao longo dos séculos. Nos seus diferentes ámbitos, a cultura galega conta con alicerces ben asentados, unha base sólida que cómpre reforzar para afrontar os retos e desafíos dos momentos complexos que estamos a vivir.

A visión que articula a ECG21 está organizada nos seguintes eixes:

- Potenciar canles estables que favorezan unha maior colaboración e coordinación entre as administracións públicas nas políticas culturais, e unha maior participación da sociedade e das entidades privadas na cultura.
- Garantir a máxima difusión da actividade cultural en todo o territorio de Galicia,

co fin de favorecer a inclusión e a participación na cultura de toda a sociedade e entre toda a cidadanía.

- Estender a produción e a distribución cultural de base por todo o territorio de Galicia, co fin de favorecer a democratización da cultura, isto é, a inclusión e a participación na cultura de toda a sociedade.
- Asentar un tecido social e empresarial potenciado e fortalecido que desempeñe unha actividade que cree riqueza.
- Contar coa sociedade galega en toda a cadea de valor da cultura, desde a creación, a difusión, o acceso, o consumo e mais o emprendemento.
- Fomentar a visibilidade e a exportación dos produtos culturais e a atracción dun turismo cultural de calidade, baseado nos aspectos diferenciais propios da identidade de Galicia.
- Asegurar a calidade dos servizos públicos culturais: bibliotecarios, museísticos, arquivísticos, etc.
- Fomentar o uso das novas ferramentas dixitais e tecnolóxicas para o desenvolvemento da cultura en todas as súas facetas (potenciación do talento, emprendemento e industrias culturais, creación, difusión e recepción da cultura, conservación e difusión do patrimonio cultural, favorecemento de creación de redes de coordinación e colaboración, etc.).
- Protexer e difundir o patrimonio cultural material e inmaterial de Galicia a través de medidas adecuadas ás necesidades territoriais, socioeconómicas e humanas existentes.

3. LIÑAS ESTRATÉXICAS

3.1. Resumo das liñas estratéxicas

Proponse a delimitación de seis liñas estratéxicas para a cultura galega:

LE1. Establecemento dun pacto social pola cultura galega.

LE2. Consolidación das industrias culturais e creativas de Galicia.

LE3. Impulso da creación, difusión e innovación da cultura.

LE4. Fortalecemento da función social das institucións e entidades da cultura.

LE5. Valoración do patrimonio cultural de Galicia como un recurso vivo e accesible.

LE6. Posicionamento internacional da cultura galega.

3.2. Descrición das liñas estratéxicas

3.2.1. LE1. Establecemento dun pacto social pola cultura galega

Galicia goza dunha personalidade ben definida que debe ser protexida e difundida, poñendo en posición estratéxica a cultura galega como elemento de identidade e de recoñecemento colectivo. A cultura galega faise en plural e entre todos: cidadanía, sociedade civil, administracións, institucións e entidades públicas e privadas, empresas culturais e creativas, etc.

Por unha banda, é preciso visualizar socialmente o moito que a cultura achega a Galicia en termos de imaxe de país e de marca, en termos do seu valor económico e de creación de riqueza, e en termos de identidade e de identificación simbólica. A cultura é un elemento que lle dá prestixio e capital simbólico a todo o país, e que nos proxecta cara a fóra.

E por outra banda, cómpre recoñecer as interrelacións entre os axentes da cultura galega: as administracións e entidades públicas, o asociacionismo civil como

factor de vitalidade cultural, as entidades privadas e as empresas. Ao mesmo tempo, tamén recoñecemos que é preciso desenvolver estratexias de acción que fuxan da atomización e da dispersión de esforzos que, en moitos casos, pexan a efectividade dos procesos e das propostas nos diferentes ámbitos culturais.

Neste contexto amplo e complexo, e con múltiples axentes intervenientes, é necesario desenvolver un pacto a prol da cultura que, ademais de proxectar unha visión da cultura como valor esencial para o desenvolvemento integral da sociedade galega, fomente tamén a creación de dinámicas de cooperación, de traballo colaborativo e en rede.

Ademais, precísase que este pacto a prol da cultura galega sirva para afrontar os retos da visibilización e da superación da fragmentación e do illamento dos proxectos culturais; o reto da innovación e modernización, do emprendemento e da cultura dixital, esenciais todos eles para consolidar a cultura de base e o tecido profesional e industrial de Galicia; para a mellora dos equipamentos culturais e do seu funcionamento; e para dar un salto cualitativo e cuantitativo na produción e recepción da oferta creativa.

3.2.2. LE2. Consolidación das industrias culturais e creativas de Galicia

As industrias culturais e creativas (ICC) constitúen un compoñente cada vez máis relevante nas economías baseadas no coñecemento e na creatividade. O seu tecido e actividade supoñen un motor para o desenvolvemento do valor económico da cultura galega en termos de creación de emprego, de riqueza e de actividade na economía galega. As industrias culturais son tamén esenciais para impulsar o crecemento desde a innovación e a creatividade. E son, ao mesmo tempo, elementos vehiculares da transmisión e proxección da identidade cultural de Galicia.

A dotación de maior estabilidade no sector, a optimización da xestión empresarial nos procesos de produción e distribución, a dinamización do mercado interior e da promoción da proxección exterior da cultura galega son todos eles obxectivos imprescindibles das ICC de Galicia, que supoñen un 1,8% do PIB galego. Cómpre ter en conta que, se se considera o conxunto de actividades económicas vinculadas coa propiedade intelectual, a cultura contribúe co 3,2% ao PIB de España, e

ao 3,1% do emprego con máis de 580.000 persoas. En Europa, existen 8,4 millóns de postos de traballo no sector cultural, o que representa un 3,7% da poboación empregada.

Con independencia dos debates sobre o contido e amplitude do concepto de ICC, estas presentan unha dobre faceta, xa que son á vez un recurso económico e unha fonte de identidade e de cohesión social, o que esixe tratalas cun dobre enfoque: por unha banda, aproveitando o seu potencial para contribuír ao desenvolvemento da economía; e por outra impulsando que ese afianzamento económico propio favoreza as expectativas e intereses culturais dos membros da comunidade.

Trátase, pois, dun sector en crecemento cun desenvolvemento máis rápido que o resto da economía, á vez que dinamiza moitos outros sectores do tecido empresarial e comercial. Por outra parte, as ICC preséntanse hoxe en día como un dos sectores máis dinámicos da economía e o comercio mundiais e están chamadas a incrementar o seu dinamismo no futuro. Non en van están a xurdir nos últimos anos novos actores no eido das industrias culturais e creativas cun potencial de crecemento e evolución aínda sen avaliar, especialmente as relacionadas coas novas tecnoloxías, o lecer interactivo, o turismo cultural...

O crecente impacto económico dos sectores da cultura e o lecer, ao actuar de arrastre sobre outros sectores, a súa importancia nos procesos de cohesión territorial e a súa maior presenza nas combinacións que permiten dar idea da calidade de vida dos cidadáns, converten as ICC en elementos estratéxicos para definir a competitividade dos territorios.

Finalmente, cómpre mencionar o marco lexislativo polo que se rexen algúns dos sectores das ICC en Galicia. Por unha parte está a Lei 6/1999, do 1 de setembro, do Audiovisual de Galicia¹⁷, co que se regula, mediante un marco normativo, un sector de gran volume económico con desenvolvemento noutros sectores da sociedade, e tamén se articulan distintos mecanismos para que toda a cidadanía de Galicia poida ter acceso a un sector audiovisual que favoreza o aumento e mellora da súas capacidades e

¹⁷ http://www.parlamentodegalicia.com/sitios/web/BibliotecaLeisdeGalicia/Lei6_1999.pdf

posibilidades de información e comunicación no contexto da sociedade da información europea.

No sector do libro, a Lei 17/2006, do 27 de decembro, do libro e da lectura de Galicia¹⁸, establece no seu preámbulo o deber das administracións a defensa, apoio e promoción do libro e da lectura como instrumentos para acadar a transmisión da cultura, o acceso igualitario para a sociedade na procura dun aumento dos índices de lectura, así como tamén para a normalización dos usos sociais e públicos da lingua propia de Galicia. Ademais das dimensións de ben cultural, social, e lingüística, a lei regula e apoia a súa produción industrial e difusión cultural interna e externa consonte a súa condición de dereito cultural da sociedade galega.

3.2.3. LE3. Impulso da creación, difusión e innovación da cultura

Cómpre estimular todas as partes e fases que conforman o ciclo creativo: a creación propiamente dita, a difusión e distribución, a recepción e consumo, e a imprescindible innovación.

A creación de contidos culturais nos diferentes ámbitos sitúase como unha estratexia adecuada para garantir o acceso á cultura da cidadanía e para estimular a creatividade e a innovación entre todos os sectores sociais e ao longo de todo o territorio. A creación de bens e produtos culturais favorece a dispoñibilidade dunha oferta cultural diversa e de calidade, que se pode difundir a través de canles de distribución adecuadas, dirixidas aos diferentes públicos.

Neste contexto, atenderase á participación da sociedade no proceso creativo da cultura, especialmente das mulleres; a realización de liñas de actuación dirixidas á inclusión das persoas con diferentes capacidades; a participación na cultura das persoas maiores, a atención á mocidade galega, a colectivos en risco de exclusión, etc.

A creatividade e a distribución da cultura vai dirixida a públicos diversos, espallados por todo o territorio, nas cidades e nos espazos rurais, nos diferentes

¹⁸ http://www.parlamentodegalicia.es/sitios/web/BibliotecaLeisdeGalicia/Lei_17_2006.pdf

segmentos de idade, e con capitais sociais e simbólicos diferenciados. Os públicos da cultura conforman os destinatarios/as das propostas e procesos culturais, tanto desde a perspectiva profesional como amadora.

Unha das liñas de traballo na planificación cultural de Galicia será a conformación de novos públicos, entendéndose por esta non só a atención ás franxas de idade máis novas, senón tamén á incorporación do conxunto da poboación e a creación de novos fluxos de públicos entre as diferentes disciplinas de programación.

Ademais, cómpre realizar unha reflexión específica sobre as actuacións de inclusión a través da cultura, fundamentais para conseguir unha transformación progresiva a favor da heteroxeneidade e do enriquecemento do conxunto.

O emprendemento cultural tamén será un factor relevante, procurando que se desenvolva como unha ferramenta de captación de talento, que fomenta e potencia as capacidades laborais dos novos creadores, ao tempo que se valore a súa formación e participación na xénese dun produto cultural.

Por último, a creación e innovación cultural precisa da participación doutros sectores socioeconómicos para o seu desenvolvemento efectivo. O desenvolvemento de novas liñas de traballo no eido da investigación, de labores de colaboración conxunta con outros sectores profesionais non relacionados directamente con cultura deben estar moi presentes nas actuacións que se desenvolvan nos vindeiros anos.

3.2.4. LE4. Fortalecemento da función social das institucións e entidades da cultura

Esta liña de actuación ten como obxectivo contribuír á consolidación das bibliotecas, arquivos, museos e fundacións culturais de Galicia na medida en que non só se trata de centros indispensables para a conservación e difusión do saber e da memoria cultural, senón que estamos ante equipamentos que ofrecen servizos culturais básicos para asegurar o dereito constitucional de acceso á cultura e as responsabilidades atribuídas aos poderes e institucións públicas en relación coa conservación, protección e difusión da cultura propia de Galicia.

Procúrase, xa que logo, fortalecer a programación e os servizos dispoñibles nas infraestruturas culturais básicas (bibliotecas, arquivos, museos e centros de interpretación etc.) para lograr a máxima participación activa da cidadanía, non só como usuarios destes servizos e como consumidores dunha oferta cultural de calidade, senón tamén como creadores culturais activos.

As bibliotecas son un equipamento cultural cada vez máis valorado pola sociedade e esa percepción da utilidade dos servizos que se ofrecen a través da rede de bibliotecas tradúcese no aumento progresivo das actividades desenvolvidas. Hoxe as bibliotecas están a ser protagonistas da dinamización cultural de vilas e cidades, como centros de referencia para o acceso á cultura. Na súa dimensión legal, a Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia¹⁹, foi actualizando o marco legal preexistente e presta atención ao papel da Biblioteca de Galicia como centro promotor da cultura e coordinador da conservación e difusión do patrimonio bibliográfico de Galicia, especialmente no que respecta ao idioma galego, e compartindo esa responsabilidade co sistema de bibliotecas públicas e escolares galega de dentro e fóra de Galicia. Tamén regula os servizos bibliotecarios da Rede de Bibliotecas de Galicia, incluídos os relacionados coa dixitalización e as novas tecnoloxías.

Os arquivos públicos constitúen unha parte fundamental da memoria escrita da sociedade, como testemuño material das actividades cotiás dos organismos públicos, das entidades privadas e das persoas. As pegadas documentais desas transaccións son probas da súa realización e forman a materia prima dos arquivos. A Lei 7/2014, do 26 de setembro, de Arquivos e Documentos de Galicia²⁰, proporciona o marco legal actual para desenvolver as competencias asumidas nesta materia co fin de garantir o acceso aos documentos e artigos, así como conservar e difundir o patrimonio documental de Galicia.

Os museos, pola súa parte, realizan un labor fundamental na conservación, coidado e difusión do patrimonio cultural de Galicia. Ao longo do ano, desenvolven unha

¹⁹ https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2012/20120627/AnuncioC3B0-200612-0001_gl.html

²⁰ https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2014/20141007/AnuncioC3B0-021014-0001_gl.html

extensa programación de visitas e actividades para dinamizar os seus fondos. Estas programacións permítenlles aos museos tomar o protagonismo da oferta cultural diaria das vilas e cidades en que se localizan, como referentes activos da promoción e da vivencia activa do noso patrimonio.

As institucións da memoria (bibliotecas, arquivos, museos, centros de interpretación, fundacións culturais...) deben ser potenciados, xa que logo, como espazos indispensables para preservar, conservar e difundir a memoria cultural, o saber dunha sociedade, o legado do pasado para construímos un futuro. E tamén como espazos para desenvolver servizos culturais básicos que aseguren a democratización do acceso á cultura, a promoción da inclusión social e , por suposto, o acceso á cultura por medios dixitais, ampliando así a base existente de usuarios e destinatarios.

3.2.5. LE5. Valoración do patrimonio cultural de Galicia como un recurso vivo e accesible

O patrimonio cultural é un valor, un axente imprescindible para o desenvolvemento de Galicia e un medio indispensable para mellorar e garantir a calidade de vida dos seus cidadáns. Trátase dun recurso, non renovable, necesario para o desenvolvemento social, cultural, turístico e económico de Galicia. Por este motivo, o patrimonio cultural de Galicia debe ser obxecto de protección, conservación, rehabilitación, acrecentamento, difusión e fomento. Así mesmo, débese promover a súa investigación e transmisión ás xeracións futuras.

Cómpre ter en conta que os bens declarados de interese cultural en Galicia representan o 4,20% dos bens declarados en todo o Estado, correspondéndolle o oitavo posto entre todas as comunidades autónomas. Os catro bens galegos da Lista do Patrimonio Mundial da UNESCO representan o 7,84% dos bens españois recollidos pola UNESCO. España ocupa o terceiro lugar do mundo por número de bens e sitios incorporados á lista do Patrimonio Mundial.

As actuacións sobre o patrimonio cultural material e inmaterial de Galicia deben atender a elementos transversais, algúns deles novidosos. Como a meirande parte do noso patrimonio está no mundo rural, cómpre converter ese espazo demográfico e

economicamente deprimido nun elemento estratéxico da promoción da sustentabilidade cultural e ambiental, así como da preservación e difusión dos coñecementos e prácticas tradicionais. Estas actuacións terán un grande impacto non só no aspecto identitario, de compromiso co territorio e cos costumes ou mesmo na cooperación interxeracional, senón que tamén servirán para fortalecer o sistema económico, xa que existe un progresivo aumento da demanda dun turismo cultural especializado, elemento de gran relevancia para o desenvolvemento local.

A base normativa galega sobre o patrimonio cultural é bastante recente. A Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, establece unha actualización con respecto a leis previamente adoptadas sobre o patrimonio para consolidar a protección das súas particularidades, a definición dos distintos tipos de patrimonio, e a adaptación das esixencias de simplificación administrativa, sen esquecer os cambios que se producen na regulación internacional con respecto ao patrimonio cultural.

3.2.6. LE6. Posicionamento internacional da cultura galega

A proxección exterior da cultura galega, como marca recoñecida e valorada, dinámica e integradora, é unha das finalidades na que cómpre investir esforzos e estratexias de maneira periódica, por ser un dos eixes clave para o crecemento económico, para o afianzamento no diálogo internacional e para o propio recoñecemento e posta en valor por parte da sociedade galega.

Xa que logo, cómpre dinamizar a presenza da cultura galega fóra de Galicia na dobre vertente de darlle visibilidade á produción cultural galega e, ao tempo, favorecer a apertura dos produtos e servizos culturais a outros países e rexións. A proxección exterior dos nosos valores culturais, a creación de pontes de diálogo con outras culturas e linguas, a internacionalización das industrias creativas galegas, o fomento da presenza da cultura galega en centros de investigación universitaria estranxeira e o reforzo da cultura emigrante son obxectivos prioritarios para esta estratexia.

Por outra parte, debe poñerse o foco en dúas infraestruturas culturais salientables —o Camiño de Santiago e a Cidade da Cultura de Galicia—, con gran potencial

e difusión no estranxeiro que, como elementos tractores, contribúan a abrir espazos e mercados internacionais ao resto de produtos, industrias e empresas culturais de Galicia.

Daquela, a visibilidade da cultura galega no exterior favorece a marca de país, incide na utilización da cultura como recursos nas relacións internacionais de Galicia e é útil para a exportación de bens culturais galegos. Cómpre realizar máis esforzos na medición da influencia da diplomacia cultural (entendida como unha estratexia na que se combina a diplomacia, as relacións culturais e os intereses nacionais) e como se traducen esas accións en beneficios económicos, políticos e culturais. Promover de forma orgánica e estruturada a cultura e identidade dunha realidade como a galega pode proporcionar vantaxes estratéxicas e económicas moi significativas substanciadas en investimento estranxeiro directo, ademais de intercambios e contactos educativos, turismo estranxeiro e influencia cultural a nivel internacional.

4. OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

4.1. Resumo de obxectivos estratéxicos

Este é o resumo dos obxectivos en cada liña estratéxica, obxectivos estratéxicos que van ser caracterizados no apartado seguinte.

LE 1. ESTABLECEMENTO DUN PACTO SOCIAL POLA CULTURA GALEGA

OBXECTIVOS:

- 1.1. Sensibilizar a sociedade galega sobre os valores da cultura.
- 1.2. Favorecer a participación social na cultura.
- 1.3. Optimizar a dispoñibilidade de equipamentos e servizos culturais no territorio.
- 1.4. Impulsar a dixitalización da cultura galega.
- 1.5. Afondar no coñecemento da cultura galega.

LE 2. CONSOLIDACIÓN DAS INDUSTRIAS CULTURAIS E CREATIVAS DE GALICIA

OBXECTIVOS:

- 2.1. Fortalecer o tecido industrial cultural e creativo.
- 2.2. Impulsar a profesionalización da cultura galega.
- 2.3. Reforzar o sector do libro.
- 2.4. Consolidar o sector audiovisual.
- 2.5. Potenciar o sector da música.
- 2.6. Fortalecer o sector das artes escénicas.
- 2.7. Dinamizar o sector das artes visuais.
- 2.8. Desenvolver actuacións culturais estratéxicas noutros sectores creativos.

LE 3. IMPULSO DA CREACIÓN, DIFUSIÓN E INNOVACIÓN DA CULTURA

OBXECTIVOS:

- 3.1. Potenciar a participación activa da sociedade nos procesos creativos.
- 3.2. Apoiar a innovación cultural mediante a súa transversalidade e hibridación con outros sectores.
- 3.3. Fomentar o emprendemento cultural.
- 3.4. Propiciar unha programación cultural de calidade no territorio.
- 3.5. Desenvolver estratexias de creación e fidelización de públicos.
- 3.6. Potenciar a difusión e visibilidade dos produtos culturais galegos.
- 3.7. Impulsar o labor creativo e innovador da Cidade da Cultura de Galicia.

LE 4. FORTALECEMENTO DA FUNCIÓN SOCIAL DAS INSTITUCIÓNS E ENTIDADES DA CULTURA**OBXECTIVOS:**

- 4.1. Impulsar a innovación e a creación nas institucións culturais.
- 4.2. Potenciar os servizos prestados desde as bibliotecas públicas.
- 4.3. Desenvolver os servizos nos arquivos públicos.
- 4.4. Dinamizar a función social dos museos e centros de interpretación.
- 4.5. Impulsar o papel social das fundacións culturais e as casas-museo.

LE 5. VALORACIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL DE GALICIA COMO UN RECURSO VIVO E ACCESIBLE**OBXECTIVOS:**

- 5.1. Afondar no proceso de inventariado e catalogación do patrimonio cultural de Galicia.
- 5.2. Apoiar a conservación, recuperación e rehabilitación do patrimonio cultural.
- 5.3. Promover a difusión e posta en valor do patrimonio cultural.

LE 6. POSICIONAMENTO INTERNACIONAL DA CULTURA GALEGA**OBXECTIVOS:**

- 6.1. Dinamizar a presenza da cultura galega no exterior.
- 6.2. Favorecer a exportación das industrias culturais galegas.
- 6.3. Estimular a participación dos creadores/as galegos en programacións, feiras e foros culturais no exterior.
- 6.4. Establecer liñas de actuación cultural coa Galicia exterior.
- 6.5. Impulsar programacións de cooperación cultural no Camiño de Santiago.
- 6.6. Desenvolver programas e actividades culturais na contorna da lusofonía.

4.2. Descrición de obxectivos estratéxicos

No seguinte apartado desenvólvense sinteticamente os obxectivos estratéxicos en fichas nos que se analizan as xustificacións, as accións relacionadas, os distintos cooperadores e axentes necesarios para a súa consecución, os instrumentos necesarios para desenvolvelo e os indicadores de cumprimento das medidas que aparecen en cada obxectivo estratéxico.

LE1. ESTABLECEMENTO DUN PACTO SOCIAL POLA CULTURA GALEGA	
Denominación do Obxectivo Estratéxico	
OE1.1. SENSIBILIZAR A SOCIEDADE GALEGA SOBRE OS VALORES DA CULTURA	
Descrición do Obxectivo Estratéxico	
Desde as instancias públicas debemos ofrecerlle á sociedade información sobre as fortalezas dos sectores culturais, o prestixio e valor económico, educativo e social que a cultura achega no avance social da Galicia contemporánea, para o cal é necesario protexela, difundila e patrocinala.	
Accións relacionadas	
- Mecenado cultural - Investimentos culturais - Propiedade intelectual - Valores, hábitos e prestixio socioeconómico da cultura	
Cooperadores e axentes implicados	
- Administracións e entidades representativas do sector - Sectores económicos e empresariais - Entidades de propiedade intelectual - Industrias culturais e creativas - Sector educativo - Cidade da Cultura de Galicia - Medios de comunicación	
Instrumentos e vías	
- Campañas e unidades para potenciar a difusión á sociedade - Programas de apoio - Normativas legais	
Indicadores	

LE1. ESTABLECIMENTO DUN PACTO SOCIAL POLA CULTURA GALEGA	
Denominación do Obxectivo Estratéxico	
OE1.2. FAVORECER A PARTICIPACIÓN SOCIAL NA CULTURA	
Descrición do Obxectivo Estratéxico	
Cómpre impulsar o potencial da participación social de Galicia no eido cultural mediante iniciativas que melloren os aspectos formativos, organizativos, instrumentais e de traballo en rede do asociacionismo e voluntariado cultural galego.	
Accións relacionadas	
- Voluntariado cultural - Capacidades e procesos participativos das entidades culturais de base, cidadanía, sector educativo, sectores culturais... - Necesidades culturais dos territorios galegos - Desenvolvemento sustentable: igualdade de xénero, inclusión, accesibilidade...	
Cooperadores e axentes implicados	
- Entidades culturais de base - Institucións, servizos e equipamentos culturais - Administracións locais e provinciais - Sector educativo - Cidadanía - Medios de comunicación	
Instrumentos e vías	
- Campañas de difusión - Programas de apoio - Plans e proxectos específicos de actuación	
Indicadores	

LE1. ESTABLECEMENTO DUN PACTO SOCIAL POLA CULTURA GALEGA	
Denominación do Obxectivo Estratéxico	
OE1.3. OPTIMIZAR A DISPOÑIBILIDADE DE EQUIPAMENTOS E SERVIZOS CULTURAIS NO TERRITORIO	
Descrición do Obxectivo Estratéxico	
Galicia conta cunha extensa rede de equipamentos e servizos culturais repartidos por todo o territorio. Cómpre actualizar, porén, a súa situación. Procúrase, por unha banda, mellorar esta rede con medidas que amplíen a utilidade e a calidade destes equipamentos e servizos, adaptándoos ás necesidades da cidadanía e poñendo en valor o labor que desempeñan.	
Accións relacionadas	
- Coordinación e planificación cultural - Formación técnica - Redes de servizos e espazos culturais - Información cultural	
Cooperadores e axentes implicados	
- Institucións, servizos e equipamentos culturais - Administracións e entidades representativas do sector - Cidadanía	
Instrumentos e vías	
- Campañas e unidades de coordinación e difusión - Programas de apoio e axudas - Plans e proxectos específicos de actuación - Estudos e informes	
Indicadores	

LE1. ESTABLECEMENTO DUN PACTO SOCIAL POLA CULTURA GALEGA	
Denominación do Obxectivo Estratéxico	
OE1.4. IMPULSAR A DIXITALIZACIÓN DA CULTURA GALEGA	
Descrición do Obxectivo Estratéxico	
Atenderase a necesidade de achegar as tecnoloxías e ferramentas dixitais aos distintos sectores da cultura, co fin de facilitar e potenciar a súa recollida, ordenación e difusión a toda a sociedade. Isto implica o fomento de novos servizos e industrias que vinculen tecnoloxía e cultura.	
Accións relacionadas	
- Institucións relacionadas coa dixitalización (Memoria Dixital de Galicia, Galiciana, FilMOTECA de Galicia, CGAI...) - Turismo cultural - Patrimonios (audiovisual, musical, institucións culturais locais...) - Contidos, repositorios e publicacións dixitais culturais	
Cooperadores e axentes implicados	
- Institucións, servizos e equipamentos culturais - Administracións e entidades representativas do sector - Cidadanía - Profesionais da cultura	
Instrumentos e vías	
- Campañas e unidades de difusión - Programas de apoio e axudas - Plans e proxectos específicos de actuación	
Indicadores	

LE1. ESTABLECIMENTO DUN PACTO SOCIAL POLA CULTURA GALEGA	
Denominación do Obxectivo Estratéxico	
OE1.5. AFONDAR NO COÑECEMENTO DA CULTURA GALEGA	
Descrición do Obxectivo Estratéxico	
Actualmente existe a necesidade de dispoñer de máis coñecemento, mediante estudos, análises e investigacións, sobre a evolución dos distintos sectores culturais de Galicia, e da relación da sociedade coa cultura, para o desenvolvemento das futuras políticas culturais e actuacións efectivas no eido cultural. As medidas que centran este obxectivo tratan de resolver estas limitacións e avanzar nun proceso de coñecemento e implantación de políticas culturais axeitadas no territorio galego.	
Accións relacionadas	
- Ecosistema cultural de Galicia (recursos, patrimonio, públicos, consumo e boas prácticas culturais) - Turismo cultural - Redes culturais - Acción e voluntariado cultural	
Cooperadores e axentes implicados	
- Institucións, servizos e equipamentos culturais - Administracións e entidades representativas do sector - Cidadanía - Profesionais da cultura - Entidades culturais de base - Sector educativo universitario	
Instrumentos e vías	
- Estudos, análises e informes - Programas de apoio - Foros de coordinación	
Indicadores	

LE2. CONSOLIDACIÓN DAS INDUSTRIAS CULTURAIS E CREATIVAS DE GALICIA	
Denominación do Obxectivo Estratéxico	
OE2.1. FORTALECER O TECIDO INDUSTRIAL CULTURAL E CREATIVO	
Descrición do Obxectivo Estratéxico	
Este obxectivo acolle un conxunto de medidas e programacións de fomento das industrias culturais e creativas, con atención aos distintos ámbitos como a mellora no sistema de axudas, a creación de redes, a implantación no mundo rural e a súa vinculación con entidades e institucións autonómicas relacionadas co sector.	
Accións relacionadas	
- Coprodución - Internacionalización - Tecnoloxías emerxentes e sustentables - Ámbito rural - Programación cultural - Ferramentas e equipamentos dixitais	
Cooperadores e axentes implicados	
- Cidade da Cultura de Galicia - Profesionais tecnolóxicos - Administracións e entidades representativas do sector (AGADIC) - Axentes e industrias culturais e creativas	
Instrumentos e vías	
- Axudas públicas - Plans de desenvolvemento - Foros e redes de coordinación - Lexislación	
Indicadores	

LE2. CONSOLIDACIÓN DAS INDUSTRIAS CULTURAIS E CREATIVAS DE GALICIA	
Denominación do Obxectivo Estratéxico	
OE2.2. IMPULSAR A PROFESIONALIZACIÓN DA CULTURA GALEGA	
Descrición do Obxectivo Estratéxico	
Coas medidas impulsadas desde este obxectivo procurarase mellorar o perfil formativo e profesional das persoas que se dedican á cultura en Galicia desde os ámbitos públicos e privados, mediante o impulso de programas de formación, emprego, melloras de carácter tecnolóxico e laboral, etc.	
Accións relacionadas	
- Formación de profesionais - Acreditacións profesionais - Normativa laboral - Dixitalización do sector cultural - Igualdade de xénero	
Cooperadores e axentes implicados	
- Xestores e profesionais da cultura - Administracións e entidades representativas do sector	
Instrumentos e vías	
- Programas e plans de apoio e formación - Axudas e subvencións	
Indicadores	

LE2. CONSOLIDACIÓN DAS INDUSTRIAS CULTURAIS E CREATIVAS DE GALICIA	
Denominación do Obxectivo Estratéxico	
OE2.3. REFORZAR O SECTOR DO LIBRO	
Descrición do Obxectivo Estratéxico	
O sector do libro afronta diversos retos especialmente intensos nos últimos anos. Este obxectivo explora medidas concretas para afondar nas fortalezas do sector, como a relación do ecosistema do libro coa sociedade, coas novas tecnoloxías e con outros sectores culturais.	
Accións relacionadas	
- Ecosistema do libro (certames literarios, obras de creación, libro e lectura dixitais, literatura infantil e xuvenil...) - Fondos bibliográficos - Turismo literario	
Cooperadores e axentes implicados	
- Creadores culturais - Administracións e entidades representativas do sector - Equipamentos e servizos culturais - Cidadanía - Edición e distribución - Sector educativo - Librarías - Medios de comunicación	
Instrumentos e vías	
- Programas de difusión e apoio - Plans de dinamización - Lexislación - Axudas e subvencións - Catálogos e publicacións	
Indicadores	

LE2. CONSOLIDACIÓN DAS INDUSTRIAS CULTURAIS E CREATIVAS DE GALICIA	
Denominación do Obxectivo Estratéxico	
OE2.4. CONSOLIDAR O SECTOR DO AUDIOVISUAL	
Descrición do Obxectivo Estratéxico	
O sector audiovisual precisa dunha especial atención para o seu desenvolvemento no marco das industrias culturais e creativas de Galicia. Este obxectivo explora diversas medidas de mellora relacionadas coas axudas, a creación de redes, o traballo con entidades, organismos e institucións autonómicas do sector, novos modelos de financiamento, impulso no ámbito rural, uso de novas tecnoloxías, etc.	
Accións relacionadas	
- Coproducións internacionais - Rodaxes en Galicia - Difusión no territorio galego - Produción audiovisual e dereitos de emisión - Cinema en versión orixinal/subtitulada - Financiamento - Ferramentas didácticas	
Cooperadores e axentes implicados	
- Industrias culturais e creativas do sector audiovisual - Administracións e entidades representativas do sector (AGADIC, TVG, GAI...) - Sector educativo	
Instrumentos e vías	
- Programas de apoio, difusión e fomento - Plans de dinamización - Lexislación - Axudas e subvencións - Foros e redes de coordinación	
Indicadores	

LE2. CONSOLIDACIÓN DAS INDUSTRIAS CULTURAIS E CREATIVAS DE GALICIA	
Denominación do Obxectivo Estratéxico	
OE2.5. POTENCIAR O SECTOR DA MÚSICA	
Descrición do Obxectivo Estratéxico	
O sector da música en Galicia é cada vez máis importante a pesar da súa complexidade estrutural. Este obxectivo céntrase nas actuacións que deben coordinarse para a mellora do sector, entre as que se contan as relacionadas coa lexislación, a posta a disposición de ferramentas que faciliten o labor dos profesionais do sector, a creación de foros, o traballo con entidades, organismos e institucións autonómicas, etc.	
Cooperadores e axentes implicados	
- Xestión do sector musical - Novos espectáculos e circuítos musicais - Asistencia a feiras e mercados de interese - Formación de axentes culturais do sector - Talento artístico	
Cooperadores	
- Profesionais e industrias culturais e creativas do sector musical - Administracións e entidades representativas do sector (AGADIC) - Espazos e salas privadas - Equipamentos e servizos culturais	
Instrumentos e vías	
- Programas de apoio, difusión e fomento - Plans de dinamización - Lexislación - Foros e redes de coordinación	
Indicadores	

LE2. CONSOLIDACIÓN DAS INDUSTRIAS CULTURAIS E CREATIVAS DE GALICIA	
Denominación do Obxectivo Estratéxico	
OE2.6. FORTALECER O SECTOR DAS ARTES ESCÉNICAS	
Descrición do Obxectivo Estratéxico	
O sector das artes escénicas é un dos que máis posibilidades de evolución teñen na actualidade, pero presenta certas dificultades que se pretenden atallar mediante medidas e experiencias que analicen a viabilidade para afrontar os retos do século XXI, con especial fincapé no eido educativo e na colaboración con outros sectores da cultura.	
Accións relacionadas	
- Compañías residentes - Asistencia a feiras escénicas - Lei das artes escénicas de Galicia - Actividades educativas - Dinamización das compañías galegas de danza - Profesionalización do sector	
Cooperadores	
- Profesionais, axentes e industrias culturais e creativas do sector escénico - Administracións e entidades representativas do sector (Centro Dramático Galego, Centro Coreográfico Galego...) - Cidade da Cultura de Galicia - Entidades asociativas e educativas relacionadas co sector - Equipamentos e servizos culturais (teatros públicos) - Sector educativo	
Instrumentos e vías	
- Plans de formación, dinamización e experiencias piloto - Programas de apoio, difusión e fomento - Lexislación - Foros e redes de coordinación	
Indicadores	

LE2. CONSOLIDACIÓN DAS INDUSTRIAS CULTURAIS E CREATIVAS DE GALICIA	
Denominación do Obxectivo Estratéxico	
OE2.7. DINAMIZAR O SECTOR DAS ARTES VISUAIS	
Descrición do Obxectivo Estratéxico	
O sector das artes visuais é unha das máis pequenas entre as industrias culturais e creativas de Galicia, pero con gran potencialidade. Neste obxectivo analízanse unha serie de medidas para mellorar a súa actual situación, como a creación de redes e programas educativos que acheguen o sector á sociedade.	
Accións relacionadas	
- Programacións culturais de calidade - Proxectos artísticos de creación contemporánea - Estratexias de boas prácticas - Coleccionismo	
Cooperadores e axentes implicados	
- Profesionais, axentes e industrias culturais e creativas do sector das artes visuais - Administracións e entidades representativas do sector - Galerías de arte - Cidadanía	
Instrumentos e vías	
- Foros e redes de coordinación - Axudas, bolsas e subvencións - Catálogos e guías - Programas de apoio, difusión e fomento	
Indicadores	

LE2. CONSOLIDACIÓN DAS INDUSTRIAS CULTURAIS E CREATIVAS DE GALICIA	
Denominación do Obxectivo Estratéxico	
OE2.8. DESENVOLVER ACTUACIÓNS CULTURAIS ESTRATÉXICAS NOUTROS SECTORES CREATIVOS	
Descrición do Obxectivo Estratéxico	
A existencia doutros sectores de carácter creativo merecen atención neste obxectivo, con medidas que se basean en aspectos relacionados coa cultura e a exploración de medidas que redunden no fortalecemento e enriquecemento da creatividade cultural de Galicia.	
Accións relacionadas	
- Actualización dos sectores creativos Galicia - Produción cultural - Sinerxías co sector do videoxogo - Turismo cultural - Iniciativas e produtos culturais	
Cooperadores e axentes implicados	
- Profesionais, axentes e industrias culturais e creativas do sector das artes visuais - Administracións e entidades representativas do sector creativo e cultural - Galerías de arte - Cidadanía - Sector empresarial turístico	
Instrumentos e vías	
- Foros e redes de coordinación - Axudas, bolsas e subvencións - Catálogos e guías - Programas de apoio, difusión e fomento - Plans de formación - Estudos e informes	
Indicadores	

LE3. IMPULSO DA CREACIÓN, DIFUSIÓN E INNOVACIÓN DA CULTURA	
Denominación do Obxectivo Estratéxico	
OE3.1. POTENCIAR A PARTICIPACIÓN ACTIVA DA SOCIEDADE NOS PROCESOS CREATIVOS	
Descrición do Obxectivo Estratéxico	
Nas últimas décadas, a sociedade pasou de ser receptor pasivo da oferta cultural a ser, cada vez en maior medida, un axente máis no impulso e creación de actividades culturais. Neste obxectivo explóranse algunhas das medidas que se pretenden impulsar neste sentido, sendo a creación de redes e o fomento no ámbito educativo os principais eixes de actuación.	
Accións relacionadas	
- Residencias creativas interdisciplinares - Creadores culturais - Coñecemento e actividade creativa - Intercambio de experiencias innovadoras - Proxectos escénicos	
Cooperadores e axentes implicados	
- Administracións e entidades representativas - Sectores culturais e creativos diversos - Creadores e artistas - Sector educativo - Asociacións e entidades culturais de base - Cidadanía - Cidade da Cultura de Galicia	
Instrumentos e vías	
- Foros e redes de coordinación - Catálogos e guías - Programas de apoio, difusión e fomento - Plans de formación	
Indicadores	

LE3. IMPULSO DA CREACIÓN, DIFUSIÓN E INNOVACIÓN DA CULTURA	
Denominación do Obxectivo Estratéxico	
OE3.2. APOIAR A INNOVACIÓN CULTURAL MEDIANTE A SÚA TRANSVERSALIDADE E HIBRIDACIÓN CON OUTROS SECTORES	
Descrición do Obxectivo Estratéxico	
O sector cultural galego, polas súas características e finalidades, está moi estreitamente relacionado con outros sectores sociais e económicos, cos cales debe establecer un maior contacto e relación para o desenvolvemento de proxectos e actuacións de carácter interdisciplinar que posibiliten, á súa vez, a innovación do sector. Neste obxectivo explóranse algunhas medidas de implantación de ferramentas, servizos e liñas de traballo novidosas.	
Accións relacionadas	
- Ferramentas e servizos creativos innovadores - Investigación - Espazos de traballo - Cultura científica - Especializacións formativas	
Cooperadores e axentes implicados	
- Administracións e entidades representativas - Sectores culturais e creativos diversos - Ámbito socioeconómico - Sector educativo	
Instrumentos e vías	
- Estudos, análises e informes - Foros e redes de coordinación - Programas de apoio, difusión e fomento - Plans de formación e impulso	
Indicadores	

LE3. IMPULSO DA CREACIÓN, DIFUSIÓN E INNOVACIÓN DA CULTURA	
Denominación do Obxectivo Estratéxico	
OE3.3. FOMENTAR O EMPRENDEMENTO CULTURAL	
Descrición do Obxectivo Estratéxico	
Na procura da potenciación do capital creativo, o emprendemento cultural é básico para a evolución das industrias culturais. O sector necesita ferramentas que consigan detectar, atraer e fomentar os novos talentos e negocios culturais mediante a implantación de medidas concretas que se reflicten neste obxectivo, entre as que salientan o uso das novas tecnoloxías, liñas de axudas, bancos de ideas, a colaboración en rede ou o apoio das institucións autonómicas.	
Accións relacionadas	
- Creación e talento artístico e cultural - Formación, orientación e recomendacións - Captación de talento - Espazos de acollida - Cooperativismo - Tecido asociativo e profesional da cultura	
Cooperadores e axentes implicados	
- Administracións e entidades representativas - Creadores e artistas - Empresas culturais - Sector educativo - Tecido asociativo - Servizos e equipamentos culturais	
Instrumentos e vías	
- Bolsas, axudas e premios - Guías e directorios - Creación de estruturas, espazos ou unidades operativas - Programas de apoio, difusión e fomento - Protocolos e plans de formación e actuación	
Indicadores	

LE3. IMPULSO DA CREACIÓN, DIFUSIÓN E INNOVACIÓN DA CULTURA	
Denominación do Obxectivo Estratéxico	
OE3.4. PROPICIAR UNHA PROGRAMACIÓN CULTURAL DE CALIDADE NO TERRITORIO	
Descrición do Obxectivo Estratéxico	
Neste obxectivo preséntanse as medidas coas que actualizar e fomentar unha programación cultural que teña en conta a todos os colectivos e perspectivas da sociedade, sempre procurando as redes de colaboración e de participación da cidadanía e tamén da Cidade da Cultura de Galicia.	
Accións relacionadas	
- Proxectos culturais de base - Colaboración entre colectivos - Teatro universitario e amador - Composición, interpretación e difusión musical - Xacobeo 21	
Cooperadores e axentes implicados	
- Administracións e entidades representativas - Sector educativo - Cidadanía - Entidades creativas de base (artes escénicas, musicais...)	
Instrumentos e vías	
- Bolsas, axudas e premios - Programas de apoio, difusión e fomento - Plans de actividades - Redes e foros de coordinación e colaboración	
Indicadores	

LE3. IMPULSO DA CREACIÓN, DIFUSIÓN E INNOVACIÓN DA CULTURA	
Denominación do Obxectivo Estratéxico	
OE3.5. DESENVOLVER INICIATIVAS DE CREACIÓN E FIDELIZACIÓN DE PÚBLICOS	
Descrición do Obxectivo Estratéxico	
Por unha banda, a sociedade actual presenta unha serie de retos novos para o sector cultural á hora de crear e fidelizar os públicos debido a un maior nivel de diversidade e de necesidades culturais. Por outra banda, cómpre centrarse na creación de novos públicos e do fomento da cultura a través de medidas a curto, medio e longo prazo, especialmente no sistema educativo. Este obxectivo presenta unha serie de medidas que xiran na contorna destes dous eixes.	
Accións relacionadas	
- Mediación cultural - Formación e creación de públicos e talentos culturais - Produtos culturais e creativos - Fomento da cultura - Contidos dixitais culturais	
Cooperadores e axentes implicados	
- Administracións e entidades representativas - Sector educativo - Cidadanía - Entidades creativas de base (artes escénicas, musicais...) - Industrias culturais e creativas	
Instrumentos e vías	
- Creación de materiais, produtos e contidos - Programas e ferramentas de apoio, difusión e fomento de consumo - Plans de formación e actuación - Redes e foros de coordinación e colaboración	
Indicadores	

LE3. IMPULSO DA CREACIÓN, DIFUSIÓN E INNOVACIÓN DA CULTURA	
Denominación do Obxectivo Estratéxico	
OE3.6. POTENCIAR A DIFUSIÓN E VISIBILIDADE DOS PRODUTOS CULTURAIS GALEGOS	
Descrición do Obxectivo Estratéxico	
Este obxectivo recolle varias medidas para aumentar a presenza e o coñecemento dos produtos culturais galegos na cadea de consumo da sociedade, que van desde o uso de ferramentas de difusión de información ata o impulso da presenza destes produtos en distintos espazos físicos e virtuais, con especial atención ao consumo interno.	
Accións relacionadas	
- Programacións locais de cultura - Produtos culturais e creativos - Cultura dixital e espazos culturais dixitais - Consumo cultural - Camiños de Santiago	
Cooperadores e axentes implicados	
- Administracións e entidades representativas - Sector educativo - Cidadanía - Medios de comunicación - Industrias culturais e creativas - Sector turístico	
Instrumentos e vías	
- Creación de materiais, produtos e contidos - Programas e ferramentas de apoio, difusión e fomento de consumo - Plans de formación e actuación	
Indicadores	

LE3. IMPULSO DA CREACIÓN, DIFUSIÓN E INNOVACIÓN DA CULTURA	
Denominación do Obxectivo Estratéxico	
OE3.7. IMPULSAR O LABOR CREATIVO E INNOVADOR DA CIDADE DA CULTURA DE GALICIA	
Descrición do Obxectivo Estratéxico	
O proxecto da Cidade da Cultura de Galicia executou un primeiro plan estratéxico 2012-2018 que precisa dunha actualización que renove o seu discurso e se adapte ás novas circunstancias, co obxectivo de que siga cumprindo un papel de aliado das ámbitos culturais e de emprendemento de Galicia.	
Accións relacionadas	
- Plan estratéxico - Actividades culturais e creativas - Natureza, territorio e cultura - Difusión da Cidade da Cultura de Galicia - Centro de Emprendemento	
Cooperadores e axentes implicados	
- Administracións e entidades representativas - Cidade da Cultura de Galicia	
Instrumentos e vías	
- Estudos e informes - Programas e ferramentas de apoio, difusión e fomento - Estruturas, espazos ou unidades operativas - Plans de actuación	
Indicadores	

LE4. FORTALECEMENTO DA FUNCIÓN SOCIAL DAS INSTITUCIÓNS E ENTIDADES DA CULTURA	
Denominación do Obxectivo Estratéxico	
OE4.1. IMPULSAR A INNOVACIÓN E A CREACIÓN NAS INSTITUCIÓNS CULTURAIS	
Descrición do Obxectivo Estratéxico	
Este obxectivo explora algunhas medidas de potenciación das institucións culturais, con actuacións que melloran aspectos de accesibilidade, fomento do traballo e da igualdade no eido destas institucións, procurando a súa diversidade e innovación.	
Accións relacionadas	
- Educación para adultos - Celebracións anuais e efemérides - Presenza activa da muller - Accesibilidade - Bo goberno e transparencia - Innovación formativa - Visibilidade e sinalética	
Cooperadores e axentes implicados	
- Administracións e entidades representativas - Institucións e entidades culturais (bibliotecas, arquivos, museos...) e axentes do sector - Colectivos cidadáns	
Instrumentos e vías	
- Normativas - Programas de apoio, difusión e fomento - Estruturas, espazos ou unidades operativas - Plans de actuación e formación	
Indicadores	

LE4. FORTALECIMENTO DA FUNCIÓN SOCIAL DAS INSTITUCIÓNS E ENTIDADES DA CULTURA	
Denominación do Obxectivo Estratéxico	
OE4.2. POTENCIAR OS SERVIZOS PRESTADOS DESDE AS BIBLIOTECAS PÚBLICAS	
Descrición do Obxectivo Estratéxico	
As bibliotecas públicas son un eixe central da actividade cultural para toda a cidadanía. O labor que desenvolven en Galicia é fundamental para o desenvolvemento cultural da sociedade. As medidas que se presentan neste obxectivo procuran a regulación destas entidades e o fomento e medidas que melloren a prestación de servizos e o seu traballo a prol da cultura.	
Accións relacionadas	
- Ordenación e mellora de servizos e xestión estratéxica - Análises de espazos, institucións e entidades - Estruturas bibliotecarias (redes, bibliotecas itinerantes, singulares...) - Plans culturais locais - Servizos dixitais e lectura dixital - Novas necesidades do público cultural	
Cooperadores e axentes implicados	
- Administracións e entidades representativas - Institucións bibliotecarias e axentes do ámbito - Cidadanía - Sector educativo	
Instrumentos e vías	
- Estudos, informes e análises - Normativas - Redes e foros de coordinación e colaboración - Programas e ferramentas de apoio, difusión e fomento - Plans de actuación - Bolsas e axudas	
Indicadores	

LE4. FORTALECIMENTO DA FUNCIÓN SOCIAL DAS INSTITUCIÓNS E ENTIDADES DA CULTURA	
Denominación do Obxectivo Estratéxico	
OE4.3. DESENVOLVER OS SERVIZOS NOS ARQUIVOS PÚBLICOS	
Descrición do Obxectivo Estratéxico	
A situación dos arquivos públicos precisa unha nova serie de medidas que melloren e fomenten entre a sociedade a importancia e necesidade destas institucións. Este obxectivo explora actuacións que van encamiñadas a ese fin.	
Accións relacionadas	
- Xestión documental - Análises estratéxicas e censos - Dixitalización - Intercambio de experiencias - Visibilidade de xénero e accesibilidade	
Cooperadores e axentes implicados	
- Administracións e entidades representativas - Institucións arquivísticas (Arquivo Dixital Electrónico, Arquivo de Galicia, arquivos municipais, de entidades sen ánimo de lucro...) e axentes do ámbito - Cidadanía e entidades culturais de base - Turismo	
Instrumentos e vías	
- Estudos, informes e análises - Normativas e lexislación - Redes e foros de coordinación e colaboración - Plans de actuación e formación - Programas e ferramentas de apoio, difusión e fomento	
Indicadores	

LE4. FORTALECEMENTO DA FUNCIÓN SOCIAL DAS INSTITUCIÓNS E ENTIDADES DA CULTURA	
Denominación do Obxectivo Estratéxico	
OE4.4. DINAMIZAR A FUNCIÓN SOCIAL DOS MUSEOS E CENTROS DE INTERPRETACIÓN	
Descrición do Obxectivo Estratéxico	
A diversidade e variedade museográfica de Galicia fai prioritaria a implantación de medidas que dean resposta ás necesidades que presentan estas entidades. Neste obxectivo preséntanse diversas actuacións encamiñadas a elementos de accesibilidade, innovación, regulación lexislativa e relacións con outras entidades culturais.	
Accións relacionadas	
- Análises estratéxicas - Redes temáticas transversais - Ordenación lexislativa - Tecnoloxías de accesibilidade - Turismo cultural - Dinámicas coa contorna local, novos usuarios e mediación cultural	
Cooperadores e axentes implicados	
- Administracións e entidades representativas - Cidadanía e entidades culturais de base - Institucións museísticas e axentes do ámbito	
Instrumentos e vías	
- Estudos, informes e análises - Normativas - Redes e foros de coordinación e colaboración - Programas e ferramentas de apoio, difusión e fomento - Bolsas e axudas	
Indicadores	

LE4. FORTALECEMENTO DA FUNCIÓN SOCIAL DAS INSTITUCIÓNS E ENTIDADES DA CULTURA	
Denominación do Obxectivo Estratéxico	
OE4.5. IMPULSAR O PAPEL SOCIAL DAS FUNDACIÓNS CULTURAIS E CASAS-MUSEO	
Descrición do Obxectivo Estratéxico	
Galicia conta con numerosas fundacións culturais e casas-museo de creadores/as. A meirande parte destas entidades desenvolven un labor cultural fundamental relacionado cos seus fins fundacionais. Neste obxectivo explóranse diversas medidas co fin de resolver limitacións como o illamento, a súa atomización ou a escaseza de recursos.	
Accións relacionadas	
- Cooperación interadministrativa - Redes de colaboración - Experiencias e actividades - Dixitalización e ferramentas dixitais - Accesibilidade e visibilidade - Dinámicas coa contorna sociocultural local	
Cooperadores e axentes implicados	
- Administracións e entidades representativas - Cidadanía e entidades culturais de base - Institucións e axentes do ámbito - Sector educativo	
Instrumentos e vías	
- Estudos, informes e análises - Redes e foros de coordinación e colaboración - Programas e ferramentas de apoio, difusión e fomento - Bolsas e axudas	
Indicadores	

LE5. VALORACIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL DE GALICIA COMO UN RECURSO VIVO E ACCESIBLE	
Denominación do Obxectivo Estratéxico	
OE5.1. AFONDAR NO PROCESO DE INVENTARIADO E CATALOGACIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL DE GALICIA	
Descrición do Obxectivo Estratéxico	
O primeiro paso para dar a coñecer e impulsar o valor do patrimonio material e inmaterial de Galicia pasa por establecer melloras no proceso de catalogación do mesmo. Este obxectivo enumera as prioridades de actuación con varias medidas que impulsan non só a catalogación, senón tamén a mellora das plataformas e ferramentas xa existentes e o desenvolvemento do catálogo de novos patrimonios.	
Accións relacionadas	
- Inventariado do patrimonio cultural galego - Equipos de expertos - Categorías de protección - Achegas de coñecemento, experiencias, proxectos, suxestións... - Patrimonios documentais emerxentes e novos patrimonios culturais.	
Cooperadores e axentes implicados	
- Administracións e entidades representativas - Cidadanía e entidades culturais de base - Institucións e axentes do ámbito - Outros sectores socioeconómicos	
Instrumentos e vías	
- Catálogos e inventarios - Estudos, informes e análises - Redes e foros de coordinación e colaboración - Programas e ferramentas de apoio, difusión e fomento	
Indicadores	

LE5. VALORACIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL DE GALICIA COMO UN RECURSO VIVO E ACCESIBLE	
Denominación do Obxectivo Estratéxico	
OE5.2. APOIAR A CONSERVACIÓN, RECUPERACIÓN E REHABILITACIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL	
Descrición do Obxectivo Estratéxico	
A protección do patrimonio de Galicia é unha prioridade esencial para a súa futura transmisión. O patrimonio, ademais de servir como elo de unión entre o pasado e o futuro dunha sociedade, coa súa conservación e rehabilitación está dotando a esta dunha ferramenta de desenvolvemento socioeconómico clave. O uso de ferramentas novidosas, o fomento de estudos e o establecemento de diversas estratexias e proxectos de protección son algunhas das medidas adoptadas para este obxectivo.	
Accións relacionadas	
- Zonas rurais - Novos patrimonios - Legados artísticos, fotográficos, etc. - Bens de Interese Cultural - Ferramentas innovadoras - Materiais de utilidade e necesidade de actuacións - Camiño de Santiago	
Cooperadores e axentes implicados	
- Administracións e entidades representativas - Cidadanía e entidades culturais de base - Institucións e axentes do ámbito - Sectores culturais diversos (música, fotografía...) - Outros sectores socioeconómicos	
Instrumentos e vías	
- Estudos, informes e análises - Programas e ferramentas de apoio, difusión e fomento - Plans específicos de recuperación, intervención e preservación - Axudas e bolsas - Ferramentas e materiais - Plans de actuación e formación	
Indicadores	

LE5. VALORACIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL DE GALICIA COMO UN RECURSO VIVO E ACCESIBLE	
Denominación do Obxectivo Estratéxico	
OE5.3. PROMOVER A DIFUSIÓN E POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO CULTURAL	
Descrición do Obxectivo Estratéxico	
Neste obxectivo establécense as medidas que permiten dar a coñecer e establecer o valor do patrimonio cultural galego, xa sexa material ou inmaterial. A difusión deste sector da cultura cumpre a dobre vertente de facela visible, pero tamén de darlle un uso económico sostible que redunde en toda a sociedade. A mellora da accesibilidade, a cooperación con outros sectores socioeconómicos, o desenvolvemento de campañas e a inclusión do patrimonio nas axendas culturais e turísticas son algunhas das medidas que se contemplan.	
Accións relacionadas	
- Difusión, dinamización e posta en valor do patrimonio cultural material e inmaterial. - Patrimonio Mundial da UNESCO - Accesibilidade - Produto de consumo sustentable - Ferramentas innovadoras e tecnolóxicas - Turismo cultural (rutas, itinerarios, produtos, espazos restaurados...)	
Cooperadores e axentes implicados	
- Administracións e entidades representativas - Cidadanía e entidades culturais de base - Institucións e axentes do ámbito - Organismos internacionais - Sectores culturais (audiovisual, música...) - Turismo cultural - Sector educativo	
Instrumentos e vías	
- Unidades, campañas e comisións de coordinación e divulgación - Estudos, informes e análises - Guías, inventarios e publicacións - Programas e ferramentas de apoio, difusión e fomento - Axudas e bolsas - Plans de actuación e formación	
Indicadores	

LE6. POSICIONAMENTO INTERNACIONAL DA CULTURA GALEGA	
Denominación do Obxectivo Estratéxico	
OE6.1. DINAMIZAR A PRESENZA DA CULTURA GALEGA NO EXTERIOR	
Descrición do Obxectivo Estratéxico	
A presenza da cultura galega no exterior é imprescindible para a sustentabilidade económica de boa parte do sector a longo prazo. A accesibilidade da cultura galega como marca atractiva servirá para potenciar non só ao sector cultural e turístico, senón ao resto da sociedade. Neste obxectivo expóñense algunhas das medidas que coordinarán a proxección exterior da cultura galega, con campañas, programas de colaboración e a promoción dos diversos produtos culturais no exterior.	
Accións relacionadas	
- Acción cultural e lingüística fóra de Galicia - Visibilidade e posicionamento internacional da cultura e dos artistas e creadores - Cooperación cultural e artística con outras zonas limítrofes - Exportación do patrimonio cultural inmaterial - Turismo lingüístico e cultural - Escaparate cultural da Cidade da Cultura de Galicia	
Cooperadores e axentes implicados	
- Administracións e entidades representativas - Cidadanía e entidades culturais de base - Turismo cultural - Sectores culturais diversos (música, libro, patrimonio...) nacionais e internacionais - Empresas de contidos dixitais - Cidade da Cultura de Galicia	
Instrumentos e vías	
- Unidades de coordinación - Logos ou marcas - Estudos e protocolos - Programas e ferramentas de apoio, difusión e fomento - Plans de actuación e formación	
Indicadores	

LE6. POSICIONAMENTO INTERNACIONAL DA CULTURA GALEGA	
Denominación do Obxectivo Estratéxico	
OE6.2. FAVORECER A EXPORTACIÓN DAS INDUSTRIAS CULTURAIS GALEGAS	
Descrición do Obxectivo Estratéxico	
O impulso das industrias culturais galegas no exterior é indispensable para aumentar a presenza do sector cultural no ámbito internacional. Este obxectivo fixa as prioridades neste sentido, que van desde o impulso de medidas de cooperación internacional, fomento de acceso aos mercados culturais exteriores, bolsas de formación, potenciación das exportacións culturais, etc.	
Accións relacionadas	
- Acceso a feiras e mercados internacionais - Posicionamento e exportación de produtos e industrias culturais - Galician Tunes - Turismo cultural - Difusión cultural dos creadores (traducións, redes musicais, eventos, rodaxes...)	
Cooperadores e axentes implicados	
- Administracións e entidades representativas - Profesionais, empresas e industrias culturais e creativas - Turismo cultural - Institucións e axentes do ámbito - Sectores culturais diversos	
Instrumentos e vías	
- Plans de internacionalización e exportacións culturais - Estudos, informes e análises - Programas e ferramentas de apoio, visibilidade e fomento - Redes e foros de coordinación e colaboración - Logos e marcas	
Indicadores	

LE6. POSICIONAMENTO INTERNACIONAL DA CULTURA GALEGA	
Denominación do Obxectivo Estratéxico	
OE6.3. ESTIMULAR A PARTICIPACIÓN DOS CREADORES/AS GALEGOS EN PROGRAMACIÓNS E FOROS CULTURAIS NO EXTERIOR	
Descrición do Obxectivo Estratéxico	
Neste obxectivo sinálanse as medidas que se pretenden adoptar para que as persoas que realizan labores creativos no eido cultural teñan a posibilidade de acceder ao mercado exterior mediante espazos e plataformas de difusión axeitados e eficaces.	
Accións relacionadas	
- Proxección exterior de creadores e artistas - Cooperación cultural atlántica - Programas culturais sectoriais de carácter internacional - Formación cultural en Europa	
Cooperadores e axentes implicados	
- Administracións e entidades representativas - Artistas creadores e axentes culturais galegos - Sectores culturais diversos (libro, audiovisual...) - Centros culturais no exterior - Cidade da Cultura de Galicia	
Instrumentos e vías	
- Catálogos e publicacións - Programas e ferramentas de apoio, difusión e fomento - Redes de colaboración e cooperación	
Indicadores	

LE6. POSICIONAMENTO INTERNACIONAL DA CULTURA GALEGA	
Denominación do Obxectivo Estratéxico	
OE6.4. ESTABLECER LIÑAS DE ACTUACIÓN CULTURAL COA GALICIA EXTERIOR	
Descrición do Obxectivo Estratéxico	
A emigración galega tivo e segue a ter un peso importante na sociedade galega. Cómpre utilizar ese potencial como plataforma de acceso ao mercado exterior, cumprindo tamén o obxectivo de manter e potenciar os lazos coa sociedade galega no estranxeiro e dar visibilidade tamén ás manifestacións culturais da Galicia exterior.	
Accións relacionadas	
- Proxección internacional - Actividades formativas no exterior - Patrimonio das comunidades galegas no exterior - Lingua e cultura galegas - Cidade da Cultura de Galicia	
Cooperadores e axentes implicados	
- Administracións e entidades representativas - Comunidades galegas no exterior (emigración e diáspora) - Cidade da Cultura de Galicia - Cidadanía e entidades culturais de base - Sector educativo	
Instrumentos e vías	
- Programas e ferramentas de apoio, difusión e fomento - Redes de colaboración e coordinación - Ferramentas dixitais e tecnolóxicas	
Indicadores	

LE6. POSICIONAMENTO INTERNACIONAL DA CULTURA GALEGA	
Denominación do Obxectivo Estratéxico	
OE6.5. IMPULSAR PROGRAMACIÓNS DE COOPERACIÓN CULTURAL NO CAMIÑO DE SANTIAGO	
Descrición do Obxectivo Estratéxico	
Os Camiños de Santiago e o Xacobeo son dúas das expresións históricas e culturais de Galicia con maior proxección internacional. Cómpre aproveitar esta potente ferramenta turística e cultural como plataforma que impulse non só o propio valor dos Camiños de Santiago, senón tamén a proxección das industrias, patrimonio e produtos culturais de Galicia.	
Accións relacionadas	
- Difusión internacional de Galicia - Accesibilidade nos Camiños de Santiago - Oferta cultural e natural de Galicia - Turismo cultural - Cultura xacobeá - Coordinación con diferentes centros artísticos	
Cooperadores e axentes implicados	
- Administracións e entidades representativas galegas e internacionais - Igrexa - Centros artísticos e culturais nacionais e internacionais - Sectores culturais diversos - Turismo cultural - Sector educativo	
Instrumentos e vías	
- Programas e ferramentas de apoio, difusión e fomento - Axudas e bolsas - Plans de actuación e internacionalización	
Indicadores	

LE6. POSICIONAMENTO INTERNACIONAL DA CULTURA GALEGA	
Denominación do Obxectivo Estratéxico	
OE6.6. DESENVOLVER PROGRAMAS E ACTIVIDADES CULTURAIS NA CONTORNA DA LUSOFONÍA	
Descrición do Obxectivo Estratéxico	
A proximidade cultural, lingüística, histórica e xeográfica de Galicia ao mundo lusófono é dunha importancia e relevancia capitais, o que xustifica o desenvolvemento de medidas que fomenten e potencien esa relación. A colaboración cultural con Portugal, o desenvolvemento dun marco de relacións culturais cos países de lingua portuguesa e a consolidación de programas comúns nos diferentes ámbitos da cultura son algunhas das medidas deste obxectivo.	
Accións relacionadas	
- Vínculos coa lusofonía (coprodución, espazos culturais análogos...) - Clústers empresariais galegos e portugueses - Programa cultural Nortear - Institucións e entidades culturais da memoria - Lexislación en materia cultural - Eixo Atlántico	
Cooperadores e axentes implicados	
- Administracións e entidades representativas de Galicia e Portugal - Clústers empresariais - Institucións e entidades culturais da memoria e outros relacionados con Galicia e Portugal - Sectores culturais diversos - Cidade da Cultura de Galicia	
Instrumentos e vías	
- Normativas lexislativas - Programas e ferramentas de apoio, difusión e fomento - Plans de actuación e formación - Xornadas, encontros e intercambios	
Indicadores	

5. MEDIDAS

Neste capítulo poremos o foco nas medidas de actuación nas que se centra o ECG21 para desenvolver os seus obxectivos nas políticas culturais de Galicia.

LE 1. ESTABLECEMENTO DUN PACTO SOCIAL POLA CULTURA GALEGA

OE 1.1. SENSIBILIZAR A SOCIEDADE GALEGA SOBRE OS VALORES DA CULTURA

Desde as instancias públicas debemos ofrecerlle á sociedade información sobre as fortalezas dos sectores culturais, o prestixio e valor económico, educativo e social que a cultura achega no avance social da Galicia contemporánea, para o cal é necesario protexela, difundila e patrocinala.

MEDIDAS:

- 1.1.1. Aprobación dunha normativa legal, aplicable a Galicia, para fomentar o mecenado e as desgravacións fiscais en materia de cultura.
- 1.1.2. Desenvolvemento dun programa de actividades, que inclúa unha campaña de sensibilización, para o investimento en cultura por parte de todos os sectores da sociedade, especialmente entre os económicos e empresariais.
- 1.1.3. Creación dunha unidade na Consellería de Cultura que informe e difunda as vantaxes e posibilidades do mecenado cultural segundo a lexislación vixente.
- 1.1.4. Deseño dunha marca colectiva que englobe e prestixie as empresas que achegan fondos mediante mecenado ou patrocinio cultural.
- 1.1.5. Difusión social das normativas sobre propiedade intelectual para a concienciación do respecto polas obras culturais e polos seus creadores.
- 1.1.6. Desenvolvemento dunha campaña que faga visible a importancia e o valor dos servizos e das industrias culturais e creativas.
- 1.1.7. Divulgación do valor social, histórico e económico do patrimonio cultural na sociedade galega, con especial incidencia no ámbito educativo.
- 1.1.8. Apoio na creación de rutinas e hábitos de consumo cultural no sistema

educativo.

- 1.1.9. Desenvolvemento de contidos educativos que poñan en valor a cultura como elemento de identidade e de prestixio socioeconómico.
- 1.1.10. Impulso de actividades de divulgación do prestixio e dos valores culturais e arquitectónicos da Cidade da Cultura de Galicia.
- 1.1.11. Difusión e posta en relevo do retorno, nos planos social e económico, que teñen todos os investimentos culturais en Galicia.

LE 1. ESTABLECEMENTO DUN PACTO SOCIAL POLA CULTURA GALEGA**OE 1.2. FAVORECER A PARTICIPACIÓN SOCIAL NA CULTURA**

Cómpre impulsar o potencial da participación social de Galicia no eido cultural mediante iniciativas que melloren os aspectos formativos, organizativos, instrumentais e de traballo en rede do asociacionismo e voluntariado cultural galego.

MEDIDAS:

- 1.2.1. Creación e posta en marcha dun programa de voluntariado eficiente nas institucións, servizos e equipamentos culturais.
- 1.2.2. Redacción de plans locais, comarcais e provinciais de cultura que atendan as necesidades das contornas territoriais.
- 1.2.3. Elaboración dun plan integral da cultura en cada unha das cidades galegas de máis de 20.000 habitantes como ferramenta de reflexión, planificación e participación das súas políticas culturais.
- 1.2.4. Desenvolvemento dun programa integral para as entidades culturais co fin de aumentar as súas capacidades e competencias organizativas, xestoras, planificadoras, formativas e profesionais.
- 1.2.5. Incorporación da perspectiva de xénero nas entidades, programacións e políticas culturais de Galicia que conduzan a un aumento do papel das mulleres nas súas actividades.
- 1.2.6. Favorecemento do traballo en rede entre profesionais culturais e o profesorado non universitario para a realización de actividades culturais conxuntas.
- 1.2.7. Fomento da creación de redes entre entidades culturais de base e as comunidades educativas para aumentar a participación sociocultural local do alumnado e as súas familias.
- 1.2.8. Creación dun proxecto que impulse os procesos participativos da cidadanía na acción cultural de Galicia.
- 1.2.9. Mellora da accesibilidade á información e á participación cultural para os sectores da cidadanía con dificultades (persoas con diversidade funcional, con problemas de inclusión socioeconómica...).

LE 1. ESTABLECEMENTO DUN PACTO SOCIAL POLA CULTURA GALEGA**OE 1.3. OPTIMIZAR A DISPOÑIBILIDADE DE EQUIPAMENTOS E SERVIZOS CULTURAIS NO TERRITORIO**

Galicia conta cunha extensa rede de equipamentos e servizos culturais repartidos por todo o territorio. Cómpre actualizar, porén, a súa situación. Procúrase, por unha banda, mellorar esta rede con medidas que amplíen a utilidade e a calidade destes equipamentos e servizos, adaptándoos ás necesidades da cidadanía e poñendo en valor o labor que desempeñan.

MEDIDAS:

- 1.3.1. Creación dunha mesa permanente de cooperación cultural para a coordinación e planificación da cultura en Galicia coa participación da administración autonómica, provincial e local.
- 1.3.2. Actualización do mapa de equipamentos e servizos culturais de Galicia que detecte os puntos fortes e febles en todo o territorio.
- 1.3.3. Ampliación dos espazos incluídos nas diferentes redes autonómicas de difusión cultural.
- 1.3.4. Actualización progresiva da dotación material e dos equipamentos dos espazos culturais (centros culturais, auditorios, teatros, etc.) en todo o territorio.
- 1.3.5. Análise da política de tarifas e prezos para o acceso aos equipamentos e eventos culturais.
- 1.3.6. Impulso e apoio na utilización e adaptación de espazos non culturais para a celebración de eventos culturais en zonas rurais sen equipamentos axeitados.
- 1.3.7. Impulso dun espazo virtual para a consulta accesible dos espazos e servizos culturais existentes e a programación de actividades culturais que se desenvolven.
- 1.3.8. Mellora da formación en aspectos técnicos ao persoal das administracións públicas que se comunica, no ámbito da xestión cultural, con axentes e industrias culturais.

LE 1. ESTABLECEMENTO DUN PACTO SOCIAL POLA CULTURA GALEGA**OE 1.4. IMPULSAR A DIXITALIZACIÓN DA CULTURA GALEGA**

Este obxectivo céntrase na necesidade de achegar as tecnoloxías e ferramentas dixitais aos distintos sectores da cultura, co fin de facilitar e potenciar a súa recollida, ordenación e difusión a toda a sociedade. Isto implica o fomento de novos servizos e industrias que vinculen tecnoloxía e cultura.

MEDIDAS:

- 1.4.1. Unificación dos repositorios e descrições dixitais das institucións e entidades da cultura para facilitar o acceso e recuperación da información.
- 1.4.2. Desenvolvemento do proxecto da Memoria Dixital de Galicia.
- 1.4.3. Ampliación do proxecto “Galiciana. Patrimonio Dixital de Galicia”.
- 1.4.4. Integración do arquivo do CGAI en “Galiciana. Patrimonio Dixital de Galicia”.
- 1.4.5. Incremento da dixitalización do patrimonio audiovisual galego.
- 1.4.6. Fomento dunha plataforma que dea difusión ao patrimonio audiovisual do CGAI.
- 1.4.7. Promoción desde a CGAI, xunto coa Filмотeca Española e outros arquivos, dunha rede de arquivos audiovisuais que compartan ferramentas e boas prácticas para a dixitalización e difusión do patrimonio.
- 1.4.8. Estímulo da utilización de ferramentas audiovisuais para a creación dun arquivo dixitalizado de eventos e manifestacións culturais de Galicia.
- 1.4.9. Impulso da dixitalización da música escrita de cara á súa difusión en centros de ensinanza musical e entre os profesionais da música.
- 1.4.10. Difusión de ferramentas de dixitalización social que lle permitan á cidadanía participar activamente no incremento do patrimonio local.
- 1.4.11. Creación dunha liña de axudas á dixitalización para as entidades culturais.
- 1.4.12. Desenvolvemento da dixitalización das coleccións e fondos documentais de interese local e patrimonial de museos, arquivos, bibliotecas e entidades asociativas para a súa progresiva publicación dixital nas plataformas existentes.
- 1.4.13. Impulso á innovación tecnolóxica con base nos contidos dixitais culturais.
- 1.4.14. Fomento das vocacións dixitais culturais.

- 1.4.15. Potenciación da dixitalización de servizos e contidos relacionados co turismo cultural.
- 1.4.16. Dixitalización do catálogo de publicacións culturais da Xunta de Galicia e difusión das mesmas utilizando as plataformas existentes con indicación expresa da licenza que posúen.

LE 1. ESTABLECEMENTO DUN PACTO SOCIAL POLA CULTURA GALEGA**OE 1.5. AFONDAR NO COÑECEMENTO DA CULTURA GALEGA**

Actualmente existe a necesidade de dispoñer de máis coñecemento, mediante estudos, análises e investigacións, sobre a evolución dos distintos sectores culturais de Galicia, e da relación da sociedade coa cultura, para o desenvolvemento das futuras políticas culturais e actuacións efectivas no eido cultural. As medidas que centran este obxectivo tratan de resolver estas limitacións e avanzar nun proceso de coñecemento e implantación de políticas culturais axeitadas no territorio galego, atendendo as prioridades existentes para cada caso. Estruturalmente, as medidas divídense en tres bloques temáticos: a realización de estudos, investigacións e informes que analicen a realidade dos distintos ámbitos e a súa evolución temporal, así como detectar fortalezas, eivas e puntos de actuación; a organización de encontros culturais entre os distintos axentes relacionados para debater posibles actuacións conxuntas; e a redacción de documentos de traballo, de boas prácticas e de recomendacións co fin de dispoñer de ferramentas inmediatas e eficientes para desenvolver actuacións conxuntas en prol dunha cultura galega profesional e de calidade.

MEDIDAS:

- 1.5.1. Organización dun congreso internacional da cultura galega que analice os retos futuros do ecosistema cultural e creativo de Galicia.
- 1.5.2. Creación dun foro cultural periódico entre os distintos axentes e entidades para analizar o ecosistema cultural de Galicia.
- 1.5.3. Realización dunha análise periódica sobre a distribución dos recursos culturais existentes e a súa adecuación ás prioridades e necesidades sociais.
- 1.5.4. Elaboración de estudos periódicos para afondar no coñecemento do turismo cultural de Galicia.
- 1.5.5. Impulso da investigación sobre a situación e os recursos do patrimonio cultural material e inmaterial de Galicia.
- 1.5.6. Desenvolvemento de estudos que analicen as tendencias, percepcións e valoracións dos públicos e non públicos nos servizos e equipamentos culturais.

- 1.5.7. Realización de análises relacionadas coas tendencias no consumo cultural.
- 1.5.8. Recollida dunha selección de boas prácticas na xestión cultural de Galicia, tanto pública como privada, nun repositorio público a disposición de todas as persoas e entidades interesadas.
- 1.5.9. Desenvolvemento de análises sobre situación e necesidades das industrias culturais e creativas de Galicia.
- 1.5.10. Promoción de estudos sobre a situación e as necesidades da lectura impresa e dixital en Galicia.
- 1.5.11. Confección dun informe periódico sobre a situación e necesidades do asociacionismo e do voluntariado cultural.
- 1.5.12. Impulso na implicación das universidades galegas en cursos, investigacións, formación e estudos específicos do sector cultural.

LE2. CONSOLIDACIÓN DAS INDUSTRIAS CULTURAIS E CREATIVAS DE GALICIA**OE 2.1. FORTALECER O TECIDO INDUSTRIAL CULTURAL E CREATIVO**

Este obxectivo acolle un conxunto de medidas e programacións de fomento das industrias culturais e creativas, con atención aos distintos ámbitos como a mellora no sistema de axudas, a creación de redes, a implantación no mundo rural e a súa vinculación con entidades e institucións autonómicas relacionadas co sector.

MEDIDAS:

- 2.1.1. Creación dun consello galego das industrias culturais e creativas co obxectivo de asesoramento e apoio.
- 2.1.2. Profundización nas medidas de apoio que favorezan a incorporación da muller ás industrias culturais galegas.
- 2.1.3. Mellora e adecuación do sistema de axudas públicas para os distintos sectores do tecido cultural industrial.
- 2.1.4. Aumento das capacidades de AGADIC no desenvolvemento de accións relacionadas coas industrias culturais e creativas.
- 2.1.5. Inclusión, no marco de competencias de AGADIC, das empresas e asociacións profesionais tecnolóxicas relacionadas cos sectores culturais, co fin de mellorar a coordinación entre os distintos axentes das industrias culturais.
- 2.1.6. Fomento da creación de redes entre industrias e axentes culturais.
- 2.1.7. Dinamización da implantación das industrias culturais e creativas no ámbito rural.
- 2.1.8. Impulso na Cidade da Cultura de Galicia dunha programación cultural que reforce a participación e a implicación da industria cultural galega.
- 2.1.9. Fomento da figura da coprodución a todos os sectores culturais.
- 2.1.10. Creación dun plan de desenvolvemento para a implantación das novas ferramentas dixitais nas industrias culturais, axudas ao investimento en equipamento dixital e apoio da adaptación ás tecnoloxías emerxentes e sustentables.
- 2.1.11. Creación dun plan estratéxico para o desenvolvemento, industrialización e

internacionalización das industrias culturais e das empresas tecnolóxicas próximas ao sector cultural galego no contexto do Xacobeo 21.

2.1.12. Apoio ás medidas que se determinen no marco do Estatuto do Artista e do Profesional da Cultura en materia de fiscalidade, de redución dos tipos impositivos do IVE aplicable e da valoración da súa complementariedade con medidas que se poidan implantar desde a comunidade autónoma.

2.1.13. Difusión das previsións da Lei de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, de acordo cos sectores culturais implicados.

LE2. CONSOLIDACIÓN DAS INDUSTRIAS CULTURAIS E CREATIVAS DE GALICIA**OE 2.2. IMPULSAR A PROFESIONALIZACIÓN DA CULTURA GALEGA**

Coas medidas impulsadas desde este obxectivo procurarase mellorar o perfil formativo e profesional das persoas que se dedican á cultura en Galicia desde os ámbitos públicos e privados, mediante o impulso de programas de formación, emprego, melloras de carácter tecnolóxico e laboral, etc.

MEDIDAS:

- 2.2.1. Creación dun programa de formación para profesionais e xestores culturais públicos e privados de acordo coas administracións públicas e o sector privado.
- 2.2.2. Desenvolvemento dun sistema que favoreza as acreditacións profesionais dos traballadores/as culturais, de acordo co marco normativo existente na política laboral.
- 2.2.3. Desenvolvemento de programas que impulsen a profesionalización da muller no sector cultural e creativo de Galicia.
- 2.2.4. Fomento de plans sectoriais de formación e profesionalización que inclúa a capacitación para a xestión da transformación dixital no sector cultural.
- 2.2.5. Inclusión nas axudas e subvencións dunha epígrafe sobre o cumprimento da normativa laboral nos espectáculos artísticos e culturais.

LE2. CONSOLIDACIÓN DAS INDUSTRIAS CULTURAIS E CREATIVAS DE GALICIA**OE 2.3. REFORZAR O SECTOR DO LIBRO**

O sector do libro afronta diversos retos especialmente intensos nos últimos anos. Este obxectivo explora medidas concretas para afondar nas fortalezas do sector, como a relación do ecosistema do libro coa sociedade, coas novas tecnoloxías e con outros sectores culturais.

MEDIDAS:

- 2.3.1. Actualización da lei do libro e da lectura para adecuala ás transformacións do sector.
- 2.3.2. Aprobación e posta en marcha das previsións do plan galego de dinamización da lectura.
- 2.3.3. Aumento das axudas e subvencións destinadas ao libro galego para a dotación de fondos bibliográficos nas bibliotecas públicas.
- 2.3.4. Desenvolvemento no sector do libro de estratexias para a difusión dos xéneros literarios menos visibles e accesibles.
- 2.3.5. Creación dun programa anual que difunda o labor dos creadores do ecosistema do libro (escritores, ilustradores e tradutores).
- 2.3.6. Coordinación, avaliación e análise dos proxectos e premios literarios existentes e configuración de novos certames de creación literaria nas áreas nas que se detecten carencias significativas.
- 2.3.7. Difusión das obras de creación nas bibliotecas públicas e no ámbito educativo.
- 2.3.8. Apoio a iniciativas do sector relacionadas co turismo literario.
- 2.3.9. Potenciación das librarías de Galicia como factor clave das actividades de promoción do libro galego en todo o territorio.
- 2.3.10. Desenvolvemento de actividades de promoción do libro e lectura dixitais.
- 2.3.11. Creación dun catálogo de produción da literatura infantil e xuvenil, tanto para a difusión interna como para a exportación do sector.
- 2.3.12. Ampliación da plataforma GaliciaLE para a difusión de libros e servizos electrónicos.

LE2. CONSOLIDACIÓN DAS INDUSTRIAS CULTURAIS E CREATIVAS DE GALICIA**OE 2.4. CONSOLIDAR O SECTOR AUDIOVISUAL**

O sector audiovisual precisa dunha especial atención para o seu desenvolvemento no marco das industrias culturais e creativas de Galicia. Este obxectivo explora diversas medidas de mellora relacionadas coas axudas, a creación de redes, o traballo con entidades, organismos e institucións autonómicas do sector, novos modelos de financiamento, impulso no ámbito rural, uso de novas tecnoloxías, etc.

MEDIDAS:

- 2.4.1. Actualización da lei do audiovisual de Galicia para adecuala ás novas realidades do sector en Galicia.
- 2.4.2. Desenvolvemento dun fondo para as coproducións internacionais en réxime de participación minoritaria.
- 2.4.3. Elaboración dun programa para fomentar a atracción de rodaxes a Galicia, en coordinación co resto de axentes implicados.
- 2.4.4. Coordinación entre AGADIC e a TVG na adxudicación das axudas a produción audiovisual e na compra dos dereitos de participación e emisión en proxectos subvencionados.
- 2.4.5. Mellora na captación de fondos europeos para o financiamento do sector audiovisual.
- 2.4.6. Estimulación e favorecemento dun progresivo incremento da oferta diversificada de cinema en versión orixinal e/ou subtitulada.
- 2.4.7. Axudas á exhibición de obras cinematográficas de produción galega dirixidas ás salas privadas e aos concellos de poboacións sen cinemas comerciais.
- 2.4.8. Creación e posta a disposición das comunidades educativas dunha sección de producións audiovisuais galegas cos seus respectivos materiais didácticos.
- 2.4.9. Ampliación dos programas que leva a cabo o CGAI con outros espazos a nivel nacional e internacional que compartan como obxectivo a educación audiovisual.

- 2.4.10. Apoio á creación dunha canle temática interactiva da CRTVG para o ámbito educativo.
- 2.4.11. Consolidación en Galicia dun evento internacional no ámbito audiovisual.
- 2.4.12. Potenciación dos festivais audiovisuais de carácter profesional que se celebran en Galicia.

LE2. CONSOLIDACIÓN DAS INDUSTRIAS CULTURAIS E CREATIVAS DE GALICIA**OE 2.5. POTENCIAR O SECTOR DA MÚSICA**

O sector da música en Galicia é cada vez máis importante a pesar da súa complexidade estrutural. Este obxectivo céntrase nas actuacións que deben coordinarse para a mellora do sector, entre as que se contan as relacionadas coa lexislación, a posta a disposición de ferramentas que faciliten o labor dos profesionais do sector, a creación de foros, o traballo con entidades, organismos e institucións autonómicas, etc.

MEDIDAS:

- 2.5.1. Potenciación da xestión do sector desde AGADIC coa creación dunha coordinación que recolla a xestión do sector musical.
- 2.5.2. Creación dun consello sectorial da música galega formado por representantes e profesionais do sector.
- 2.5.3. Utilización de espazos de encontro (*speed meetings*) para poñer en contacto diversas empresas do sector cos grupos e artistas noveis, co apoio da AGADIC.
- 2.5.4. Ampliación da actual Rede Galega de Música ao Vivo coa inclusión de novos espazos e salas privadas nas que se oferten espectáculos e circuítos que complementen as ofertas existentes.
- 2.5.5. Seguimento das previsións da normativa de espectáculos públicos de Galicia no tocante ás actividades musicais para lle dar plena seguridade xurídica aos profesionais da cultura.
- 2.5.6. Establecemento dunha estratexia conxunta de asistencia a feiras e mercados de interese para o sector musical galego.
- 2.5.7. Desenvolvemento dun plan estratéxico para os festivais musicais galegos que potencie unha imaxe de marca de calidade.
- 2.5.8. Apoio ao talento e á carreira artística mediante a creación dunhas axudas ás empresas que aposten por esta vía.

- 2.5.9. Elaboración de campañas de formación dos axentes do sector sobre a lexislación vixente e os dereitos e obrigas que amparan e se esixen a cada parte.
- 2.5.10. Ampliación dos servizos ofrecidos pola plataforma Galician Tunes para a visibilización das propostas musicais galegas profesionais.

LE2. CONSOLIDACIÓN DAS INDUSTRIAS CULTURAIS E CREATIVAS DE GALICIA**OE 2.6. FORTALECER O SECTOR DAS ARTES ESCÉNICAS**

O sector das artes escénicas é un dos que máis posibilidades de evolución teñen na actualidade, pero presenta certas dificultades que se pretenden atallar mediante medidas e experiencias que analicen a viabilidade para afrontar os retos do século XXI, con especial fincapé no eido educativo e na colaboración con outros sectores da cultura.

MEDIDAS:

- 2.6.1. Valoración coas entidades e axentes do sector de propostas para a redacción dunha lei de artes escénicas de Galicia.
- 2.6.2. Realización de experiencias piloto para a implantación dun programa de compañías residentes en teatros públicos de Galicia.
- 2.6.3. Establecemento dunha estratexia conxunta de asistencia a feiras escénicas de acordo co sector, apoiando a presenza de compañías galegas.
- 2.6.4. Desenvolvemento de actividades educativas ao redor das artes escénicas en colaboración coas entidades e compañías do sector.
- 2.6.5. Reformulación, xunto coas entidades significativas do sector, do papel do Centro Dramático Galego como axente no sistema galego das artes escénicas.
- 2.6.6. Fomento das iniciativas de danza e artes do movemento para a dinamización das compañías galegas de danza.
- 2.6.7. Mellora da implicación do Centro Coreográfico de Galicia cos diferentes sectores da danza.
- 2.6.8. Apoio á profesionalización da danza e baile tradicional de Galicia.
- 2.6.9. Ampliación do programa Cultura no Camiño.
- 2.6.10. Consolidación do proxecto de Escenas do Cambio na Cidade da Cultura de Galicia.
- 2.6.11. Creación de programas de difusión das artes escénicas na Península Ibérica (con outras comunidades autónomas e Portugal) de acordo coas necesidades do sector en Galicia.

LE2. CONSOLIDACIÓN DAS INDUSTRIAS CULTURAIS E CREATIVAS DE GALICIA**OE 2.7. DINAMIZAR O SECTOR DAS ARTES VISUAIS**

O sector das artes visuais é unha das máis pequenas entre as industrias culturais e creativas de Galicia, pero con gran potencialidade. Neste obxectivo analízanse unha serie de medidas para mellorar a súa actual situación, como a creación de redes e programas educativos que acheguen o sector á sociedade.

MEDIDAS:

- 2.7.1. Creación dun consello asesor en materia de artes visuais en Galicia.
- 2.7.2. Configuración dunha rede de espazos de exhibición de artes visuais que, de acordo cos concellos, deputacións e outras entidades públicas e privadas, facilite programacións de calidade en todo o territorio galego.
- 2.7.3. Desenvolvemento de bolsas e residencias creativas para a realización de proxectos artísticos de creación contemporánea ligados á industria cultural.
- 2.7.4. Confección dun catálogo de axentes e profesionais do sector das artes visuais.
- 2.7.5. Creación dunha sección de axudas específicas para galerías de arte dentro das subvencións anuais ás industrias culturais.
- 2.7.6. Apoio na adopción de estratexias de boas prácticas para as industrias culturais do sector desenvolvidas en espazos culturais próximos e similares.
- 2.7.7. Desenvolvemento e posta en marcha dun plan de fomento do coleccionismo, tanto público como privado, con medidas de apoio a galerías de arte e coleccionistas.
- 2.7.8. Impulso dun programa de adquisición de fondos artísticos para as coleccións públicas que sirvan de apoio aos sectores profesionais das artes visuais galegas.

LE2. CONSOLIDACIÓN DAS INDUSTRIAS CULTURAIS E CREATIVAS DE GALICIA**OE 2.8. DESENVOLVER ACTUACIÓNS CULTURAIS ESTRATÉXICAS NOUTROS SECTORES CREATIVOS**

A existencia doutros sectores de carácter creativo merecen atención neste obxectivo, con medidas que se basean unicamente en aspectos relacionados coa cultura e a exploración de medidas que redunden no fortalecemento e enriquecemento da creatividade cultural de Galicia.

MEDIDAS:

- 2.8.1. Deseño de accións formativas que cubran as necesidades de actualización dos outros sectores creativos de Galicia.
- 2.8.2. Realización de iniciativas que vinculen a produción cultural con sectores directa ou potencialmente involucrados nas súas actividades, como o deseño, a arquitectura ou a artesanía.
- 2.8.3. Promoción da industria galega do videoxogo para potenciar a creatividade do sector.
- 2.8.4. Creación dun foro que reúna o sector do software creativo e dos videoxogos con outros sectores creativos de Galicia para fomentar o diálogo e afondar nas sinerxías e interacción entre eles.
- 2.8.5. Participación no deseño dunha estratexia para o desenvolvemento do turismo cultural de Galicia.
- 2.8.6. Creación dun portal web que informe sobre Galicia en clave de produto turístico-cultural.
- 2.8.7. Formación de guías culturais para o fomento de novas iniciativas empresariais e produtos relacionados co turismo cultural.

LE3. IMPULSO DA CREACIÓN, DIFUSIÓN E INNOVACIÓN DA CULTURA**OE 3.1. POTENCIAR A PARTICIPACIÓN ACTIVA DA SOCIEDADE NOS PROCESOS CREATIVOS**

Nas últimas décadas, a sociedade pasou de ser receptor pasivo da oferta cultural a ser, cada vez en maior medida, un axente máis no impulso e creación de actividades culturais. Neste obxectivo explóranse algunhas das medidas que se pretenden impulsar neste sentido, sendo a creación de redes e o fomento no ámbito educativo os principais eixes de actuación.

MEDIDAS:

- 3.1.1. Deseño dun programa de residencias creativas, que sexa interdisciplinar e que fomente a conexión entre os diversos sectores da cultura.
- 3.1.2. Creación dun catálogo de creadores/as culturais por sectores que os faga visibles cara á sociedade e cara a outros ámbitos da actividade socioeconómica.
- 3.1.3. Impulso dos centros docentes como espazos de intercambio de pensamento e coñecemento creativo entre profesorado e alumnado.
- 3.1.4. Apoio á formación do profesorado na incorporación de metodoloxías e recursos innovadores e creativos que favorezan a capacidade de emprender e innovar.
- 3.1.5. Desenvolvemento dun programa escolar de creación e difusión de proxectos escénicos xerados desde os centros educativos.
- 3.1.6. Fomento de actividades educativas ao redor das artes escénicas en contacto con entidades e compañías privadas.
- 3.1.7. Realización dun encontro anual de cultura e comunidade que teña como obxectivo a difusión e o intercambio de experiencias innovadoras entre o público xeral e especializado.
- 3.1.8. Potenciación da actividade creativa nas agrupacións e nas escolas de formación en música tradicional e de base.
- 3.1.9. Ampliación das iniciativas que estimulan a creación cultural dirixidas aos máis novos/as na Cidade da Cultura de Galicia.

LE3. IMPULSO DA CREACIÓN, DIFUSIÓN E INNOVACIÓN DA CULTURA**OE 3.2. APOIAR A INNOVACIÓN CULTURAL MEDIANTE A SÚA TRANSVERSALIDADE E HIBRIDACIÓN CON OUTROS SECTORES**

O sector cultural galego, polas súas características e finalidades, está moi estreitamente relacionado con outros sectores sociais e económicos, cos cales debe establecer un maior contacto e relación para o desenvolvemento de proxectos e actuacións de carácter interdisciplinar que posibiliten, á súa vez, a innovación do sector. Neste obxectivo explóranse algunhas medidas de implantación de ferramentas, servizos e liñas de traballo novidosas.

MEDIDAS:

- 3.2.1. Impulso na implantación e uso de ferramentas e servizos innovadores nos procesos creativos dos axentes culturais.
- 3.2.2. Fomento da innovación mediante a investigación de novas liñas no sector cultural
- 3.2.3. Creación de espazos de traballo, proxectos e grupos interdisciplinares entre os creadores, os sectores culturais e os ámbitos socioeconómicos de Galicia.
- 3.2.4. Desenvolvemento dun plan galego de cultura científica para a divulgación do pensamento, a ciencia e a tecnoloxía.
- 3.2.5. Promoción nas universidades galegas de especializacións formativas en disciplinas de moi recente creación relacionadas coa cultura.
- 3.2.6. Fomento da intersectorialidade cultural mediante encontros e proxectos xenéricos que favoreza a creación de sinerxías e redes de traballo.
- 3.2.7. Apoio á innovación mediante o impulso da creatividade cultural na Illa de San Simón e na Cidade da Cultura de Galicia.

LE3. IMPULSO DA CREACIÓN, DIFUSIÓN E INNOVACIÓN DA CULTURA**OE 3.3. FOMENTAR O EMPRENDEMENTO CULTURAL**

Na procura da potenciación do capital creativo, o emprendemento cultural é básico para a evolución das industrias culturais. O sector necesita ferramentas que consigan detectar, atraer e fomentar os novos talentos e negocios culturais mediante a implantación de medidas concretas que se reflicten neste obxectivo, entre as que salientan o uso das novas tecnoloxías, liñas de axudas, bancos de ideas, a colaboración en rede ou o apoio das institucións autonómicas.

MEDIDAS:

- 3.3.1. Actualización da oferta de premios, certames e convocatorias de creación cultural.
- 3.3.2. Establecemento de recursos e instrumentos para a detección, fomento e fluxo do talento artístico e cultural.
- 3.3.3. Desenvolvemento dun protocolo de recomendacións para novos creadores e artistas que facilite os seus trámites administrativos, legais, económicos, etc.
- 3.3.4. Creación de bolsas para a captación de talento nos distintos sectores culturais.
- 3.3.5. Apoio á creación de empresas culturais mediante liñas de emprendemento.
- 3.3.6. Impulso a un banco de ideas empresariais na que teñan cabida proxectos de negocio innovadores relacionados coa cultura.
- 3.3.7. Posta en marcha dunha aceleradora no ámbito dos contidos dixitais culturais.
- 3.3.8. Desenvolvemento do programa “ReAcciona Audiovisual”.
- 3.3.9. Estudo de medidas de implantación dunha aceleradora de negocios culturais, desenvolvida en colaboración con outras administracións ou aceleradoras xa existentes.
- 3.3.10. Colaboración coas universidades e escolas de negocio de cara á posta en marcha de espazos de acollida que faciliten o contacto entre emprendedores.
- 3.3.11. Fomento do cooperativismo cultural.
- 3.3.12. Impulso da formación en distintas especialidades técnicas no sistema universitario e na formación profesional.
- 3.3.13. Fomento e promoción do tecido asociativo e profesional para os creadores

culturais.

- 3.3.14. Publicación do directorio de espazos culturais para facilitar e fomentar as actividades culturais e a presenza dos artistas e proxectos emerxentes.

LE3. IMPULSO DA CREACIÓN, DIFUSIÓN E INNOVACIÓN DA CULTURA**OE 3.4. PROPICIAR UNHA PROGRAMACIÓN CULTURAL DE CALIDADE NO TERRITORIO**

Neste obxectivo preséntanse as medidas coas que actualizar e fomentar unha programación cultural que teña en conta todos os colectivos e perspectivas da sociedade, sempre procurando as redes de colaboración e de participación da cidadanía.

MEDIDAS:

- 3.4.1. Optimización e difusión das actividades das redes e das programacións culturais que se realizan no territorio mediante aplicacións e recursos en liña.
- 3.4.2. Fomento das redes de colaboración e de difusión entre centros educativos de todo tipo e colectivos culturais de base.
- 3.4.3. Potenciación do labor do teatro afeccionado mediante a colaboración coas entidades do teatro amador galego.
- 3.4.4. Apoio ao labor realizado desde as universidades galegas a prol do teatro universitario.
- 3.4.5. Creación dun premio que incentive a realización dunha programación cultural novidosa, amplo e de calidade no contorno dos concellos galegos.
- 3.4.6. Redacción dun plan para a dinamización e difusión cultural das contornas rurais de Galicia.
- 3.4.7. Apoio para a composición musical en Galicia nas principais orquestras sinfónicas de Galicia en colaboración con outros sectores da música.
- 3.4.8. Coordinación entre as dúas principais orquestras de Galicia para o desenvolvemento da programación anual de actuacións en contacto con entidades musicais educativas e de base.
- 3.4.9. Impulso e difusión do repositorio de proxectos da web dos premios Martín Códax da música.
- 3.4.10. Ampliación dos circuítos de difusión do audiovisual galego en máis localidades do territorio en coordinación co sector.
- 3.4.11. Deseño dun programa cultural de calidade en todo o territorio de Galicia de cara ao Xacobeo 21.
- 3.4.12. Fortalecemento das liñas de actuación cultural de abaixo a arriba nos proxectos

do Xacobeo 21, facilitando o acceso e a participación dos proxectos culturais de base.

3.4.13. Apoio ás diferentes manifestacións culturais de base: bandas de música, música e baile tradicionais, corais, etc.

3.4.14. Impulso das actividades de exhibición e de creación de públicos relacionados coa lírica e ópera en Galicia.

LE3. IMPULSO DA CREACIÓN, DIFUSIÓN E INNOVACIÓN DA CULTURA**OE 3.5. DESENVOLVER INICIATIVAS DE CREACIÓN E FIDELIZACIÓN DE PÚBLICOS**

Por unha banda, a sociedade actual presenta unha serie de retos novos para o sector cultural á hora de crear e fidelizar os públicos debido a un maior nivel de diversidade e de necesidades culturais. Por outra banda, cómpre centrarse na creación de novos públicos e do fomento da cultura a través de medidas a curto, medio e longo prazo, especialmente no sistema educativo. Este obxectivo presenta unha serie de medidas que xiran na contorna destes dous eixes.

MEDIDAS:

- 3.5.1. Xeración de ferramentas e de recursos para a mediación cos distintos tipos de públicos.
- 3.5.2. Creación dun programa de formación de mediadores culturais.
- 3.5.3. Visibilización dos programas didácticos e de formación dos públicos mediante un repertorio de experiencias que poidan ser divulgados e reutilizados.
- 3.5.4. Desenvolvemento de actuacións de creación e formación de públicos para distintos colectivos cidadáns.
- 3.5.5. Promoción do consumo de produtos culturais e creativos.
- 3.5.6. Creación dun programa de formación do profesorado en materia de fomento da cultura e de recursos didácticos culturais para facilitar o traballo co alumnado.
- 3.5.7. Desenvolvemento de contidos dixitais interactivos da CRTVG destinados ao ámbito educativo.
- 3.5.8. Aumento das accións e programas educativos audiovisuais vinculados á formación de novos públicos.
- 3.5.9. Fomento dunha comunidade virtual de traballo en rede para que o profesorado poida compartir experiencias, coñecementos e materiais docentes.
- 3.5.10. Impulso para a adaptación de produtos culturais de éxito entre o público infantil e xuvenil á lingua galega para atraer novos públicos.
- 3.5.11. Optimización dunha rede musical formativa que se achegue aos centros educativos e promova o acceso a novas músicas, especialmente entre alumnado adolescente, co obxectivo de aumentar públicos e talentos.

LE3. IMPULSO DA CREACIÓN, DIFUSIÓN E INNOVACIÓN DA CULTURA**OE 3.6. POTENCIAR A DIFUSIÓN E VISIBILIDADE DOS PRODUTOS CULTURAIS GALEGOS**

Este obxectivo recolle varias medidas para aumentar a presenza e o coñecemento dos produtos culturais galegos na cadea de consumo da sociedade, que van desde o uso de ferramentas de difusión de información ata o impulso da presenza destes produtos en distintos espazos físicos e virtuais, con especial atención ao consumo interno.

MEDIDAS:

- 3.6.1. Impulso da presenza dos creadores/as e dos produtos culturais galegos nas programacións locais.
- 3.6.2. Desenvolvemento de programas que favorezan a presenza de creadores/as e produtores/as de contidos culturais nas aulas da educación non universitaria.
- 3.6.3. Potenciación do papel dos medios de comunicación, públicos e privados, na difusión dos produtos culturais galegos.
- 3.6.4. Aumento da presenza de produtos culturais en lingua galega nos medios de comunicación, en grandes eventos e en espazos comerciais de venda.
- 3.6.5. Apoio da difusión cultural dixital e os espazos culturais virtuais.
- 3.6.6. Promoción dos creadores e dos produtos culturais galegos no Camiños de Santiago.
- 3.6.7. Fomento das galerías de arte como espazos de visibilidade da produción dos artistas, así como tamén de promoción do consumo cultural entre as novas xeracións.
- 3.6.8. Apoio á optimización da presenza da música galega e dun aumento dos seus estilos musicais na programación da Radio Galega.
- 3.6.9. Favorecemento da creación de produtos educativos, culturais e turísticos elaborados a partir do valor patrimonial e cultural de Galicia que faciliten o acceso á información do patrimonio cultural de forma sinxela e incrementar o seu valor ante a sociedade.

LE3. IMPULSO DA CREACIÓN, DIFUSIÓN E INNOVACIÓN DA CULTURA**OE 3.7. IMPULSAR O LABOR CREATIVO E INNOVADOR DA CIDADE DA CULTURA DE GALICIA**

O proxecto da Cidade da Cultura de Galicia executou un primeiro plan estratéxico 2012-2018 que precisa dunha actualización que renove o seu discurso e se adapte ás novas circunstancias, co obxectivo de que siga cumprindo un papel de aliado das ámbitos culturais e de emprendemento de Galicia así como unha plataforma que contribúa á visibilidade da cultura galega (en Galicia e fóra dela).

MEDIDAS:

- 3.7.1. Redacción do segundo plan estratéxico da Cidade da Cultura de Galicia (2019-2025).
- 3.7.2. Fortalecemento e inclusión dunha maior diversidade de actividades culturais e creativas na programación cultural da Cidade da Cultura de Galicia.
- 3.7.3. Participación da Cidade da Cultura de Galicia en programacións culturais e creativas noutras partes de Galicia e no plano internacional.
- 3.7.4. Posta en marcha de programas culturais que conxuguen natureza, territorio e cultura na Cidade da Cultura de Galicia.
- 3.7.5. Fomento da expansión da marca “Gaiás-Cidade da Cultura de Galicia” ao resto do territorio e fóra de Galicia.
- 3.7.6. Potenciación do emprendemento e da tecnoloxía na Cidade da Cultura de Galicia nos seus espazos de colaboración para o desenvolvemento de empresas culturais e creativas.
- 3.7.7. Fortalecemento das colaboracións con outras entidades culturais galegas, do resto de España e internacionais, que permita cooperar e visibilizar proxectos creativos relevantes para Galicia.

LE4. FORTALECEMENTO DA FUNCIÓN SOCIAL DAS INSTITUCIÓNS E ENTIDADES DA CULTURA**OE 4.1. IMPULSAR A INNOVACIÓN E A CREACIÓN NAS INSTITUCIÓNS CULTURAIS**

Este obxectivo explora algunhas medidas de potenciación das institucións culturais, con actuacións que melloran aspectos de accesibilidade, fomento do traballo e da igualdade no eido destas institucións, procurando a súa diversidade e innovación.

MEDIDAS:

- 4.1.1. Creación dun programa de educación para adultos (Erasmus+) implantado desde as institucións culturais.
- 4.1.2. Participación de bibliotecas, arquivos e museos nas celebracións e datas anuais mediante programacións específicas a partir dos seus fondos, coleccións e recursos dispoñibles.
- 4.1.3. Incorporación da perspectiva de xénero no funcionamento das institucións culturais coa finalidade de aumentar a presenza activa da muller na súa xestión e programación.
- 4.1.4. Potenciación da accesibilidade do conxunto da sociedade aos arquivos, bibliotecas e museos.
- 4.1.5. Fomento da participación de colectivos nas institucións e entidades da cultura, incidindo na súa dimensión social.
- 4.1.6. Aplicación dos estándares de transparencia e bo goberno no funcionamento das institucións culturais.
- 4.1.7. Apoio aos proxectos de actualización de formación continua e innovadora para os responsables das institucións e entidades da cultura.
- 4.1.8. Deseño dunha sinalética común para cada grupo de institucións culturais de Galicia.

LE4. CONSOLIDACIÓN DA FUNCIÓN SOCIAL DAS INSTITUCIÓNS E ENTIDADES DA CULTURA**OE 4.2. POTENCIAR OS SERVIZOS PRESTADOS DESDE AS BIBLIOTECAS PÚBLICAS**

As bibliotecas públicas son un eixe central da actividade cultural para toda a cidadanía. O labor que desenvolven en Galicia é fundamental para o desenvolvemento cultural da sociedade. As medidas que se presentan neste obxectivo procuran a regulación destas entidades e o fomento e medidas que melloren a prestación de servizos e o seu traballo a prol da cultura.

MEDIDAS:

- 4.2.1. Elaboración do primeiro plan estratéxico do Consello de Cooperación Bibliotecaria de Galicia.
- 4.2.2. Redacción do plan director da Biblioteca de Galicia.
- 4.2.3. Actualización dos estándares das bibliotecas públicas de Galicia con criterios axeitados á realidade social de Galicia.
- 4.2.4. Desenvolvemento do segundo Mapa de Bibliotecas Públicas de Galicia tendo en conta a avaliación dos resultados do primeiro mapa, elaborado en 2016.
- 4.2.5. Creación dun programa de bibliotecas itinerantes nos concellos que carecen de servizo bibliotecario, de acordo cos concellos implicados e coa participación das deputacións provinciais.
- 4.2.6. Fomento da participación activa das bibliotecas públicas nos plans culturais locais.
- 4.2.7. Deseño dun plan de necesidades de recursos e equipamentos para as bibliotecas da rede de bibliotecas públicas de Galicia tendo en conta os novos servizos, usuarios e usos dos espazos bibliotecarios.
- 4.2.8. Impulso da rede de bibliotecas públicas de Galicia mediante un aumento de recursos, servizos e investimento público para a mellora das coleccións, coas achegas de todas as entidades públicas.
- 4.2.9. Consolidación dun encontro anual da rede de bibliotecas de Galicia.
- 4.2.10. Potenciación dos servizos dixitais que se prestan desde as bibliotecas públicas.

- 4.2.11. Consolidación do proceso de implantación do novo programa de xestión bibliotecaria a todos os centros da rede de bibliotecas de Galicia.
- 4.2.12. Recoñecemento das bibliotecas singulares de especial interese para Galicia.
- 4.2.13. Potenciación da lectura dixital mediante o impulso da plataforma de recursos electrónicos “Galicia Le”.
- 4.2.14. Desenvolvemento de probas piloto de apertura de bibliotecas escolares para a cidadanía de concellos ou núcleos poboacionais sen biblioteca pública.
- 4.2.15. Realización dun estudo sobre a situación e necesidades das coleccións e fondos das bibliotecas públicas, incluídas as bibliotecas dixitais.

LE4. CONSOLIDACIÓN DA FUNCIÓN SOCIAL DAS INSTITUCIÓNS E ENTIDADES DA CULTURA**OE 4.3. DESENVOLVER OS SERVIZOS NOS ARQUIVOS PÚBLICOS**

A situación dos arquivos públicos precisa unha nova serie de medidas que melloren e fomenten entre a sociedade a importancia e necesidade destas institucións. Este obxectivo explora actuacións que van encamiñadas a ese fin.

MEDIDAS:

- 4.3.1. Redacción do plan de arquivos de Galicia 2019-2022.
- 4.3.2. Desenvolvemento da xestión documental en todas as administracións públicas.
- 4.3.3. Elaboración do plan estratéxico do Consello Galego de Arquivos.
- 4.3.4. Confección do censo de arquivos de Galicia.
- 4.3.5. Ampliación do proxecto de Arquivo Dixital Electrónico.
- 4.3.6. Elaboración do plan director do Arquivo de Galicia.
- 4.3.7. Actualización das axudas para os arquivos municipais e para os das entidades sen ánimo de lucro.
- 4.3.8. Creación dun encontro anual arredor dos arquivos galegos e do patrimonio documental coa finalidade de intercambiar experiencias e difundir o traballo documental á sociedade.
- 4.3.9. Fomento da dimensión social dos arquivos como axentes culturais vinculados ao territorio.
- 4.3.10. Mellora da visibilidade de xénero na busca e recuperación de información nos arquivos mediante a inclusión de ferramentas de procura efectivos.

LE4. CONSOLIDACIÓN DA FUNCIÓN SOCIAL DAS INSTITUCIÓNS E ENTIDADES DA CULTURA**OE 4.4. DINAMIZAR A FUNCIÓN SOCIAL DOS MUSEOS E CENTROS DE INTERPRETACIÓN**

A diversidade e variedade museográfica de Galicia fai prioritaria a implantación de medidas que dean resposta ás necesidades que presentan estas entidades. Neste obxectivo preséntanse diversas actuacións encamiñadas a elementos de accesibilidade, innovación, regulación lexislativa e relacións con outras entidades culturais.

MEDIDAS:

- 4.4.1. Elaboración da primeira lei de museos de Galicia.
- 4.4.2. Establecemento dun sistema galego de museos que prevexa a posible creación de redes temáticas transversais.
- 4.4.3. Fomento das visitas accesibles nos espazos museísticos e centros de interpretación mediante o uso de tecnoloxías.
- 4.4.4. Impulso da dimensión turística dos museos e o fomento do turismo cultural accesible mediante a introdución de novas tecnoloxías.
- 4.4.5. Deseño dun plan de inclusión dos museos galegos que contemple actuacións para as diferentes tipoloxías de visitantes.
- 4.4.6. Vinculación dos plans de inclusión cos proxectos de difusión turística e de colaboración coa contorna local e comarcal na busca de dinámicas turísticas endóxeas.
- 4.4.7. Elaboración dun plan estratéxico para o Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC) que planifique a súa misión na década de 2020-30, e interrelacionándoo cos doutros museos de arte contemporánea.
- 4.4.8. Planificación de actividades e programacións do CGAC en diferentes espazos artísticos e culturais de Galicia fóra da súa sede.
- 4.4.9. Impulso da dotación e na adquisición de fondos de arte de Galicia no CGAC.
- 4.4.10. Planificación e posta en marcha de novas estratexias museográficas adaptadas tanto á nova realidade social de Galicia como á idiosincrasia de cada espazo e territorio de Galicia.

- 4.4.11. Impulso da creación e innovación nos museos mediante o fomento de redes de entidades de características similares, así como do uso de recursos patrimoniais ou das industrias culturais para aumentar o atractivo dos espazos.
- 4.4.12. Elaboración de espazos web con ampla información para cada un dos museos e entidades similares que dependan das administracións públicas.
- 4.4.13. Creación en todos os museos de Galicia dun programa didáctico e de mediación.

LE4. CONSOLIDACIÓN DA FUNCIÓN SOCIAL DAS INSTITUCIÓNS E ENTIDADES DA CULTURA**OE 4.5. IMPULSAR O PAPEL SOCIAL DAS FUNDACIÓNS CULTURAIS E CASAS-MUSEO**

Galicia conta con numerosas fundacións culturais e casas-museo de creadores/as. A meirande parte destas entidades desenvolven un labor cultural fundamental relacionado cos seus fins fundacionais. Neste obxectivo explóranse diversas medidas co fin de resolver limitacións como o illamento, a súa atomización ou a escaseza de recursos.

MEDIDAS:

- 4.5.1. Constitución dun órgano interadministrativo de cooperación coas fundacións culturais de Galicia.
- 4.5.2. Creación dunha rede de fundacións e casas-museo de autor que agrupe as entidades de Galicia e do Norte de Portugal.
- 4.5.3. Desenvolvemento dunha liña de axudas para as entidades fundacionais e casas-museo de interese cultural.
- 4.5.4. Establecemento dun encontro anual que mostre experiencias e divulgue a acción das entidades cara ao conxunto da sociedade.
- 4.5.5. Elaboración de análises e estudos sobre a situación, necesidades e perspectivas das fundacións culturais e casas-museo de Galicia.
- 4.5.6. Fomento da dixitalización e apoio para a introdución de ferramentas tecnolóxicas innovadoras nas fundacións culturais e casas-museo.
- 4.5.7. Impulso da accesibilidade e visibilidade na difusión das actividades culturais das fundacións e casas-museo.
- 4.5.8. Procura de sinerxías entre as fundacións e casas-museo co turismo cultural, co sector educativo e coa contorna asociativa local para a creación de programas culturais híbridos.
- 4.5.9. Potenciación do labor levado a cabo pola Fundación Pública Camilo J. Cela na difusión da figura, obra e contexto sociohistórico do escritor padrones.

LE5. VALORACIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL DE GALICIA COMO UN RECURSO VIVO E ACCESIBLE**OE 5.1. AFONDAR NO PROCESO DE INVENTARIADO E CATALOGACIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL DE GALICIA**

O primeiro paso para dar a coñecer e impulsar o valor do patrimonio material e inmaterial de Galicia pasa por establecer melloras no proceso de catalogación do mesmo. Este obxectivo enumera as prioridades de actuación con varias medidas que impulsan non só a catalogación, senón tamén a mellora das plataformas e ferramentas xa existentes e o desenvolvemento dunha catalogación de novos patrimonios.

MEDIDAS:

- 5.1.1. Mellora e actualización do Inventario Xeral do Patrimonio Cultural de Galicia.
- 5.1.2. Creación dun equipo de expertos que estableza as prioridades no ámbito do inventariado, catalogación e implantación de programas de recollida de patrimonio cultural material e inmaterial, e que recomende decisións sobre a súa difusión dixital.
- 5.1.3. Confección dun catálogo do patrimonio cultural inmaterial de Galicia.
- 5.1.4. Impulso da incorporación dos bens do patrimonio cultural galego ás distintas categorías de protección.
- 5.1.5. Fomento da participación cidadá e comunitaria nas achegas de localización e coñecemento do patrimonio cultural rural, tanto material como inmaterial.
- 5.1.6. Creación dun foro periódico entre a Consellería de Cultura e os diferentes axentes que traballan no ámbito do patrimonio cultural no que se poñan en común experiencias, proxectos, traballos, opinións, suxestións, etc.
- 5.1.7. Impulso ao inventariado e catalogación dos “novos patrimonios” (industrial, científico, marítimo-fluvial...).
- 5.1.8. Deseño dunha estratexia para a recollida e conservación de patrimonios documentais emerxentes: documentos de colectivos e persoas fóra das canles tradicionais.

LE5. VALORACIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL DE GALICIA COMO UN RECURSO VIVO E ACCESIBLE**OE 5.2. APOIAR A CONSERVACIÓN, RECUPERACIÓN E REHABILITACIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL**

A protección do patrimonio de Galicia é unha prioridade esencial para a súa futura transmisión. O patrimonio, ademais de servir como elo de unión entre o pasado e o futuro dunha sociedade, coa súa conservación e rehabilitación está dotando a esta dunha ferramenta de desenvolvemento socioeconómico clave. O uso de ferramentas novidasas, o fomento de estudos e o establecemento de diversas estratexias e proxectos de protección son algunhas das medidas adoptadas para este obxectivo.

MEDIDAS:

- 5.2.1. Creación de liñas de actuación para a protección do patrimonio cultural nas zonas rurais e menos poboadas de Galicia.
- 5.2.2. Establecemento de axudas para a recuperación, rehabilitación e conservación dos “novos patrimonios” (industrial, científico, marítimo-fluvial...).
- 5.2.3. Posta en marcha dun proxecto para a recuperación dos legados artísticos de Galicia.
- 5.2.4. Análise de novos patrimonios para ser declarados Ben de Interese Cultural.
- 5.2.5. Fomento do uso de ferramentas e procesos innovadores para a recuperación do patrimonio cultural.
- 5.2.6. Impulso de estudos sobre as necesidades e as actuacións destinadas á conservación, restauración e rehabilitación do patrimonio cultural.
- 5.2.7. Potenciación do traballo dos profesionais do sector da conservación, recuperación e rehabilitación do patrimonio.
- 5.2.8. Instauración de programas de limpeza e acondicionamento da contorna de elementos patrimoniais culturais inmoables en coordinación co resto de administracións e departamentos implicados.
- 5.2.9. Creación e difusión de materiais de consulta e coñecemento sobre a situación e valor dos bens arqueolóxicos.

- 5.2.10. Elaboración, difusión e mantemento de materiais sobre aspectos de utilidade na xestión das entidades dedicadas ao patrimonio cultural.
- 5.2.11. Fomento da coordinación dos distintos proxectos de recuperación e investigación do patrimonio musical e sonoro de Galicia.
- 5.2.12. Deseño dun plan de fotografía de Galicia que recupere legados fotográficos e que potencie as coleccións dispoñibles en arquivos, museos e espazos culturais aproveitando a contorna dixital.
- 5.2.13. Desenvolvemento dun plan de intervencións de Ben de Interese Cultural do Camiño de Santiago.
- 5.2.14. Creación de estratexias de preservación do patrimonio cultural no rural cos propietarios das terras onde se sitúan os bens patrimoniais.
- 5.2.15. Impulso dun proxecto para a preservación dos legados artísticos de Galicia, históricos e contemporáneos que aseguren a disposición no acervo público de obras e arquivos, de acordo cos seus propietarios.

LE5. VALORACIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL DE GALICIA COMO UN RECURSO VIVO E ACCESIBLE**OE 5.3. PROMOVER A DIFUSIÓN E POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO CULTURAL**

Neste obxectivo establécense algunhas medidas que permiten dar a coñecer e establecer o valor do patrimonio cultural galego, xa sexa material ou inmaterial. A difusión deste sector da cultura cumpre a dobre vertente de facela visible, pero tamén de darlle un uso económico sustentable que redunde en toda a sociedade. Entre as accións que se contemplan cómpre ter en conta a mellora da accesibilidade, a cooperación con outros sectores socioeconómicos, o desenvolvemento de campañas e a inclusión do patrimonio nas axendas culturais e turísticas.

MEDIDAS:

- 5.3.1. Creación dunha comisión composta por axentes e entidades do sector que analice as estratexias para a difusión e posta en valor do patrimonio cultural.
- 5.3.2. Ampliación da axenda cultural de Galicia para incluír información enfocada á difusión do patrimonio material e inmaterial.
- 5.3.3. Deseño dun plan de itinerarios culturais que integre espazos significativos do patrimonio cultural galego.
- 5.3.4. Impulso ás candidaturas susceptibles de seren declaradas Patrimonio Mundial da UNESCO.
- 5.3.5. Mellora da accesibilidade física da cidadanía ao patrimonio cultural material.
- 5.3.6. Fomento de experiencias piloto que faciliten a difusión do patrimonio cultural con fins comerciais a industrias do sector cultural e a entidades sen ánimo de lucro.
- 5.3.7. Desenvolvemento dunha estratexia de márketing que permita utilizar o potencial do patrimonio como produto de consumo sustentable, tanto para a cidadanía como para as persoas visitantes.
- 5.3.8. Fomento das ferramentas tecnolóxicas para o acceso, difusión e posta en valor do patrimonio cultural.
- 5.3.9. Difusión do patrimonio audiovisual galego mediante alianzas con entidades públicas e privadas.

- 5.3.10. Posta en valor do patrimonio arquitectónico de Galicia a través da súa vertente de promoción cultural e turística.
- 5.3.11. Deseño de rutas turísticas vinculadas co patrimonio etnográfico material e inmaterial.
- 5.3.12. Elaboración dun inventario e un manual de historias, lendas e tradicións de interese que poidan facilitar a creación de produtos culturais e turísticos.
- 5.3.13. Creación dunha guía turística que amose as pegadas do legado patrimonial artesanal, o recoñecemento de fitos e lendas singulares e as súas localizacións e outros datos do patrimonio cultural galego.
- 5.3.14. Potenciación do acceso e apertura de espazos culturais restaurados con valor patrimonial.
- 5.3.15. Utilización de recursos culturais de diferente tipo (audiovisuais, textuais, escénicos...) para facilitar a divulgación do patrimonio cultural material e inmaterial.
- 5.3.16. Potenciación do coñecemento do patrimonio cultural galego entre profesorado e alumnado mediante o desenvolvemento de talleres, unidades didácticas, uso de recursos patrimoniais materiais e inmateriais, visitas e outras iniciativas.
- 5.3.17. Creación dunha liña de publicacións que difunda todas as actuacións sobre o patrimonio cultural galego.
- 5.3.18. Celebración de xornadas periódicas de formación e información en patrimonio cultural na que participen os concellos.
- 5.3.19. Impulso turístico da oferta patrimonial cultural do rural galego que conte con elementos singulares.
- 5.3.20. Establecemento dun plan de rutas culturais patrimoniais nos pequenos cascos históricos de Galicia.
- 5.3.21. Fomento de itinerarios culturais do patrimonio material e inmaterial de Galicia.

LE6. POSICIONAMENTO INTERNACIONAL DA CULTURA GALEGA**OE 6.1. DINAMIZAR A PRESENZA DA CULTURA GALEGA NO EXTERIOR**

A presenza da cultura galega no exterior é imprescindible para a sustentabilidade económica de boa parte do sector a longo prazo. A accesibilidade da cultura galega como marca atractiva servirá para potenciar non só ao sector cultural e turístico, senón ao resto da sociedade. Neste obxectivo expóñense algunhas das medidas que coordinarán a proxección exterior da cultura galega, con campañas, programas de colaboración e a promoción dos diversos produtos culturais no exterior.

MEDIDAS:

- 6.1.1. Creación dunha comisión interadministrativa na Xunta de Galicia que coordine e impulse a acción cultural e lingüística fóra da comunidade autónoma de Galicia.
- 6.1.2. Implantación dunha marca de cultura de Galicia para favorecer a súa visibilidade internacional.
- 6.1.3. Posta en marcha de actuacións en colaboración con empresas culturais do sector dos contidos dixitais para o posicionamento de Galicia a nivel internacional.
- 6.1.4. Creación de programas e actividades de cooperación cultural e artística conxuntas con outras entidades da Península Ibérica, especialmente en zonas limítrofes, de acordo coas necesidades de cada sector.
- 6.1.5. Fomento da visibilidade das obras literarias galegas no exterior.
- 6.1.6. Ampliación dos catálogos e repertorios que axudan a visibilizar as novidades dos distintos sectores culturais galegos en feiras, mercados e programacións sectoriais internacionais.
- 6.1.7. Aumento da promoción internacional da literatura infantil e xuvenil, e da ilustración galegas.
- 6.1.8. Fomento da presenza das manifestacións tradicionais da cultura galega no exterior.
- 6.1.9. Fomento do turismo lingüístico, baseado na comunicación e na aprendizaxe desde a cultura e lingua galegas, para estranxeiros.

- 6.1.10. Deseño dun protocolo de actuación entre Cultura e Turismo de Galicia para publicitar os produtos turístico-culturais galegos no exterior.
- 6.1.11. Reforzo da figura da Cidade da Cultura de Galicia como escaparate cultural representativo do país, e como centro de información para os visitantes sobre a cultura en Galicia.
- 6.1.12. Colaboración con organismos e entidades internacionais que favorezan a presenza e visibilidade da cultura e lingua galegas.

LE6. POSICIONAMENTO INTERNACIONAL DA CULTURA GALEGA**OE 6.2. FAVORECER A EXPORTACIÓN DAS INDUSTRIAS CULTURAIS GALEGAS**

O impulso das industrias culturais galegas no exterior é indispensable para aumentar a presenza do sector cultural no ámbito internacional. Este obxectivo fixa as prioridades neste sentido, que van desde o impulso de medidas de cooperación internacional, fomento de acceso aos mercados culturais exteriores, bolsas de formación, potenciación das exportacións culturais, etc.

MEDIDAS:

- 6.2.1. Impulso e desenvolvemento de plans sectoriais de internacionalización, coa colaboración dos axentes e industrias implicadas, para favorecer o acceso aos mercados internacionais.
- 6.2.2. Fomento da participación de empresas e industrias culturais galegas nas feiras, mercados e programacións internacionais.
- 6.2.3. Desenvolvemento dunha estratexia para detectar os mercados de interese receptivos á exportación da cultura galega e as necesidades de posicionamento.
- 6.2.4. Potenciación das exportacións do libro galego.
- 6.2.5. Apoio ás traducións das obras en lingua galegas das editoriais galegas a outras linguas de interese estratéxico para facilitar a súa difusión exterior.
- 6.2.6. Creación dun evento profesional da música de carácter internacional que permita mostrar os artistas galegos a profesionais e empresas estranxeiras e do resto de España.
- 6.2.7. Mellora do traballo en redes nacionais e internacionais, en colaboración coas industrias culturais galegas, especialmente para difundir a música galega no exterior.
- 6.2.8. Potenciación da plataforma Galician Tunes cunha estratexia, plan e contidos específicos, calendario de internacionalizacións, etc.
- 6.2.9. Divulgación do programa Films from Galicia para lle dar visibilidade internacional ás producións audiovisuais galegas.

- 6.2.10. Impulso ao programa de bolsas e axudas para a participación de profesionais do audiovisual galego en foros de formación a nivel internacional.
- 6.2.11. Desenvolvemento de accións de promoción do audiovisual galego en festivais e mercados de recoñecido prestixio.
- 6.2.12. Apoio á presenza de galerías de arte e de profesionais do sector das artes visuais galegas en feiras e mercados fóra de Galicia.
- 6.2.13. Realizar actividades que vinculen turismo e industrias culturais en festivais nacionais e internacionais.

LE6. POSICIONAMENTO INTERNACIONAL DA CULTURA GALEGA**OE 6.3. ESTIMULAR A PARTICIPACIÓN DOS CREADORES/AS GALEGOS EN PROGRAMACIÓNS E FOROS CULTURAIS NO EXTERIOR**

Neste obxectivo sinálanse as medidas que se pretenden adoptar para que as persoas que realizan labores creativos no eido cultural teñan a posibilidade de acceder ao mercado exterior mediante espazos e plataformas de difusión axeitados e eficaces.

MEDIDAS:

- 6.3.1. Creación e difusión dun catálogo de creadores/as e axentes culturais galegos de cara á súa proxección exterior.
- 6.3.2. Fomento da presenza de artistas galegos nas feiras, mercados e festivais culturais internacionais.
- 6.3.3. Potenciación da cooperación dos creadores galegos cos ámbitos xeográficos atlánticos e, especialmente cos vinculados coas culturas celtas.
- 6.3.4. Impulso de liñas de axuda para a participación dos creadores literarios (escritores, tradutores e ilustradores) en programas culturais internacionais de acordo coas asociacións do sector do libro.
- 6.3.5. Potenciación da Cidade da Cultura de Galicia como espazo e servizo de apoio a creadores/as galegos na súa promoción exterior.
- 6.3.6. Desenvolvemento dun plan de promoción exterior de creadores galegos utilizando canles e espazos xa existentes (Instituto Cervantes, Instituto Camões, etc.) e fortalecendo os programas de intercambio de creadores e investigadores.
- 6.3.7. Desenvolvemento de bolsas internacionais individuais para a formación cultural en Europa.

LE6. POSICIONAMENTO INTERNACIONAL DA CULTURA GALEGA**OE 6.4. ESTABLECER LIÑAS DE ACTUACIÓN CULTURAL COA GALICIA EXTERIOR**

A emigración galega tivo e segue a ter un peso importante na sociedade galega. Cómpre utilizar ese potencial como plataforma de acceso ao mercado exterior, cumprindo tamén o obxectivo de manter e potenciar os lazos coa sociedade galega no estranxeiro e dar visibilidade tamén ás manifestacións culturais da Galicia exterior. Tamén vese necesario desenvolver actuacións e esforzos en aspectos culturais dirixidos á diáspora galega en todo o mundo.

MEDIDAS:

- 6.4.1. Impulso dun programa de potenciación da proxección internacional de Galicia a través das comunidades galegas no exterior.
- 6.4.2. Elaboración dun plan de actuación que recolla, protexa e difunda o patrimonio cultural, documental, bibliográfico, histórico e artístico das comunidades galegas no exterior.
- 6.4.3. Fomento do uso e intercambio cultural nas infraestruturas, espazos, servizos e axentes culturais no exterior.
- 6.4.4. Espallamento da lingua e culturas galegas fóra das fronteiras territoriais de Galicia, fomentando a aprendizaxe dixital a través das comunidades galegas.
- 6.4.5. Fomento de actividades formativas de cara á xuventude galega no exterior que incidan no coñecemento da historia, lingua e cultura galega.
- 6.4.6. Organización e desenvolvemento dun foro periódico da Galicia exterior dende a Cidade da Cultura de Galicia para o intercambio de experiencias, xestión, programas, prácticas e actividades culturais entre os diferentes axentes e responsables.

LE6. POSICIONAMENTO INTERNACIONAL DA CULTURA GALEGA**OE 6.5. IMPULSAR PROGRAMACIÓNS DE COOPERACIÓN CULTURAL NO CAMIÑO DE SANTIAGO**

Os Camiños de Santiago e o Xacobeo son dúas das expresións históricas e culturais de Galicia con maior proxección internacional. Cómpre aproveitar esta potente ferramenta turística e cultural como plataforma que impulse non só o propio valor dos Camiños de Santiago, senón tamén a proxección das industrias, patrimonio e produtos culturais de Galicia.

MEDIDAS:

- 6.5.1. Impulso do Plan de Promoción do Camiño de Santiago, co obxectivo de difundir Galicia internacionalmente grazas á marca “Galicia, o bo camiño”.
- 6.5.2. Implantación dun programa de apertura de igrexas e monumentos do Camiño.
- 6.5.3. Aproveitamento do Camiño de Santiago como elemento tractor no mercado internacional, facendo fincapé na promoción da oferta cultural e paisaxística de Galicia.
- 6.5.4. Deseño de accións culturais específicas dirixidas a aumentar a experiencia cultural e a estadía dos peregrinos en Galicia.
- 6.5.5. Integración da cultura xacobeá e dos seus valores no ámbito educativo.
- 6.5.6. Impulso das industrias culturais galegas dos camiños de Santiago de Compostela para favorecer as súas estratexias noutros escenarios internacionais de características similares.
- 6.5.7. Deseño dun programa cultural no Xacobeo 2021 que fomente o intercambio entre o tecido cultural galego e o internacional.
- 6.5.8. Enlace cos principais centros artísticos e culturais portugueses e galegos a través do Camiño de Santiago (Tomar, Alcobaça, Coimbra, Braga...).

LE6. POSICIONAMENTO INTERNACIONAL DA CULTURA GALEGA**OE 6.6. DESENVOLVER PROGRAMAS E ACTIVIDADES CULTURAIS NA CONTORNA DA LUSOFONÍA**

A proximidade cultural, lingüística, histórica e xeográfica de Galicia ao mundo lusófono é dunha importancia e relevancia capitais, o que xustifica o desenvolvemento de medidas que fomenten e potencien esa relación. A colaboración cultural con Portugal, o desenvolvemento dun marco de relacións culturais cos países de lingua portuguesa e a consolidación de programas comúns nos diferentes ámbitos da cultura son algunhas das medidas deste obxectivo.

MEDIDAS:

- 6.6.1. Desenvolvemento da Lei 1/2014 para aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía.
- 6.6.2. Ampliación do programa cultural Nortear entre a Xunta de Galicia e a Dirección Rexional de Cultura do Norte de Portugal con máis contidos e actividades.
- 6.6.3. Impulso de actuacións no ámbito cultural cos concellos que forman parte da asociación Eixo Atlántico.
- 6.6.4. Apoio aos clústeres culturais empresariais conxuntos.
- 6.6.5. Desenvolvemento das liñas de actuación con Portugal e países lusófonos no ámbito da coprodución internacional.
- 6.6.6. Potenciación dos encontros e intercambios con Portugal en materia de arquivos, bibliotecas, museos, casas-museo e fundacións de autor(a).
- 6.6.7. Desenvolvemento dun programa cultural dende a Cidade da Cultura de Galicia que vincule as actividades deste espazo con espazos e entidades similares do ámbito da Lusofonía.
- 6.6.8. Organización de xornadas profesionais que traten temas de produción e lexislación en material cultural (intercambio de músicos, estancias formativas en país alleo...)

6. SEGUIMIENTO

A elaboración da ECG21 supón o final dun proceso e o comezo doutro non menos relevante: o da súa implementación. A execución dos obxectivos estratéxicos e das medidas sinaladas nos apartados anteriores precisa contar coa participación de todos os axentes públicos e privados do ecosistema cultural de Galicia; e tamén precisa desa participación o seguimento da posta en práctica das súas previsións e dos logros obtidos.

Con esa finalidade, durante a súa execución disporase dun procedemento e dos instrumentos de seguimento que permitan, por unha banda, determinar o grao en que os contidos da ECG21 se están a desenvolver e conseguen os resultados esperados; e, por outra banda, intervir con flexibilidade no seu desenvolvemento para se adaptar ás novas circunstancias que se presenten.

Daquela o seguimento do desenvolvemento da ECG21 realizarase a través da elaboración dun informe anual, durante o seu período de vixencia, que conterá toda a información significativa sobre o avance da posta en marcha das súas previsións. Este informe, que será incorporado como sección da Memoria de Cultura que difunde anualmente a Consellería de Cultura e Turismo, será enviada a todos os sectores da cultura galega, para o seu coñecemento, e será enviada ao Parlamento de Galicia para ter oportunidade de expoñer os ditos avances aos grupos parlamentarios.

Para a elaboración do informe anual, teranse en conta o sistema de indicadores de progreso das diferentes accións, a información cuantitativa dispoñible a través das entidades relevantes, e diferente información cualitativa que procederá de mesas de traballo e entrevistas persoais cos diferentes axentes do sector cultural galego.